

***A OBRA DE 660 PLIEGOS:*  
APUNTAMENTOS PARA UNHA  
ENCICLOPEDIA**

**Henrique Monteagudo**

Instituto da Lingua Galega / Universidade  
de Santiago de Compostela

DOI: [10.17075/eiems.2024.002](https://doi.org/10.17075/eiems.2024.002)



Martín Sarmiento (1695-1772) é unha das figuras máis singulares do século XVIII español e, non obstante, tanto o coñecemento da súa obra como o recoñecemento da súa importancia están lonxe de atinxir o alcance que merecen. Ata certo punto, isto é responsabilidade del mesmo, visto que se mantivo firme na súa decisión de deixar inéditos os seus escritos. Tamén é certo que, como argumentaremos máis adiante, o interese da súa obra en parte se desprende, precisamente, desta drástica actitude. Por outra banda, en Galicia é universalmente recoñecido como unha das figuras máis senlleiras da nosa historia. Aquí é celebrado, sobre todo, pola súa defensa acérrima do país, das súas xentes e da súa «antiga e nobilísima» lingua, que ilustrou con espléndidos estudos e lúcidas reflexións. Por iso, moi atinadamente, a Real Academia Galega dedicoulle no ano 2002 o Día das Letras Galegas. Evocamos aquí esta data porque neste recoñecemento atópase a orixe da nosa edición da *Obra de 660 pliegos. De historia natural y de todo género de erudición*, que motiva a publicación deste libro.

Porén, para remontarnos aos antecedentes da devandita edición teriamos que recuar un pouco máis, ata chegar aos finais do século pasado, concretamente a 1995, cando o Consello da Cultura Galega, daquela presidido por Xosé Fernando Filgueira Valverde, tomara a iniciativa de conmemorar os trescentos anos do natalicio de Martín Sarmiento cun magno congreso que reuniu os especialistas máis destacados na súa obra. Nas actas daquel congreso, José Santos Puerto, un dos máis brillantes estudosos do noso autor, daba a coñecer o paradiro e descripción da Colección Medina Sidonia (Santos Puerto 1997). A descuberta desta Colección constituíu unha revelación chave, xa que contén a meirande parte dos escritos do autor, copiados nela con moito coidado nos anos finais da súa vida e nos seguintes ao seu pasamento.

Se a localización da Colección Medina Sidonia abría a posibilidade de acceder a unha copia fiel de case toda a produción do noso autor, a dedicación do Día das Letras Galegas ofreceu a ocasión propicia para deseñar un proxecto de recuperación e divulgación da mesma. Por parte, nos comezos de 2002, tiven a fortuna de localizar na Biblioteca Nacional de Madrid o manuscrito autógrafo do *Coloquio en coplas galegas* co seu *Comento* e esta descuberta inesperada puxo de vulto a conveniencia de iniciar unha pescuda sistemática dos fondos sarmentinos espallados por numerosas institucións españolas e no estranxeiro, na procura de máis testemuños autógrafos ou das mellores copias de cada texto ou, mesmo, de novos

escritos descoñecidos. Foi así que, pola miña proposta e coa acollida entusiasta de Carlos Casares, o Consello da Cultura Galega emprendeu o proxecto «Obras de Martín Sarmiento» (abreviadamente, Proxecto Sarmiento), coa colaboración do Instituto da Lingua Galega, ao que me referirei con máis vagar ao final do presente traballo. Unha das primeiras tarefas que se emprendeu foi a reprodución da Colección Medina Sidonia, para facilitar o acceso ao seu contido.

Á hora de decidir por onde se podería comezar a edición dos escritos de Sarmiento, por razóns obvias, deuse prioridade aos inéditos. Baralláronse distintas posibilidades e finalmente optouse pola obra que parecía máis relevante pola súa extensión e pola frecuencia con que é citada polos estudosos do noso autor: a chamada *Obra de 660 pliegos. De historia natural y de todo género de erudición* (abreviaremos *Obra de 660 pliegos*, *Obra* ou *660 pliegos*), contida en cinco tomos, do XIII ao XVII, da Colección Medina Sidonia\*. Tendo en conta a súa descomunal extensión, esta decisión supuña confrontar un desafío realmente monumental, que se emprendeu en 2006. Un equipo de transcripción dirixido por min mesmo (responsable tamén dos criterios de edición que se publicarán no volume complementario de índices), co acompañamento constante e sumamente eficaz de Silvia Viso, púxose á tarefa. A transcripción foi revisada por min, coa inestimable axuda de Antón Santamarina, Serafín Alonso Pintos e Xosé Antón López Silva (encargado de xeito específico das citas latinas e das notas que as acompañan). Estas mesmas catro persoas colaboraron en distintos momentos na laboriosa revisión de probas de imprenta.

Os primeiros tomos que viñeron a lume, en 2008, foron o II, III e IV. A razón de non apareceren ao mesmo tempo o primeiro nin o último é que inicialmente estaba previsto incluír no tomo I unha serie de estudos introdutorios e no tomo V uns índices onomástico, toponímico, institucional e léxico. Non obstante, atrancos insuperables impedíronnos cumprir as nosas previsións. Por fortuna, puidemos superar os devanditos atrancos e coa publicación dos tomos I e V demos cabo á edición íntegra da obra, que é complementada co presente volume de estudos e un máis de índices de próxima edición. Deste xeito, puidemos celebrar

---

\* Nótese que no presente artigo falamos de *tomos*, en vez de *volumes*, que é o termo preciso que correspondería empregar neste caso. Facémolo así porque *tomo* é o vocábulo que se utiliza na Colección Media Sidonia.

o 250 cabodano de Martín Sarmiento (o 7 de decembro de 2022), coa edición do seu escrito máis longo. Esta publicación pode considerarse, sen esaxero, un fito histórico na divulgación do legado intelectual do seu autor. Nas páxinas seguintes ofreceremos unha introdución xeral á *Obra de 660 pliegos*.

## O TÍTULO

Do mesmo xeito que a case totalidade dos escritos de Martín Sarmiento, a *Obra de 660 pliegos* permaneceu inédita en vida do autor. Como logo indicaremos, algunhas das súas partes foron publicadas postumamente, pero estas edicións, sempre fragmentarias, baseáronse en copias ou recopias, xa que o orixinal quedara inaccesible a partir de 1780, aproximadamente, e extraviárase definitivamente desde finais do século XVIII ou inicios do XIX. Ende ben, aínda que o orixinal se perdeu, o texto, por sorte, chegou a nós íntegro e mediante unha copia coidadosa, realizada en condicións óptimas, xa que estivo en mans dun escribán moi competente, Pedro Alonso de Salanova y Guilarte, que, ademais, traballou directamente sobre o autógrafo en vida do autor<sup>1</sup>. Esta copia está contida, como dixemos, en cinco corpulentos tomos, numerados do XIII ao XVII, que forman parte da Colección Medina Sidonia, a compilación máis ampla e de mellor calidade dos escritos de Sarmiento.

A iniciativa desta magna compilación, case exhaustiva —entre outras cousas, faltan, por razóns obvias, a maior parte das súas cartas—, débese a Pedro de Alcántara Pérez de Guzmán, XIV duque de Media Sidonia, grande amigo e admirador incondicional do noso frade<sup>2</sup>. O duque confiou o traslado ao citado Pedro

---

<sup>1</sup> Pedro de Salanova (ou Salanoba, como el escribe), nado en 1743 e finado arredor de 1800, era fillo de Francisco de Salanova, secretario de Josefa Pacheco, nai de Pedro de Alcántara, XIV duque de Medina Sidonia (véxase a nota seguinte) e administrador do estado do duque. Traballou, coma seu pai, ao servizo do duque, e «más tarde sería un afamado matemático, ingeniero y astrónomo, profesor del Real Conservatorio Astronómico y teniente del cuerpo de ingenieros cosmógrafos del Estado, además de redactor del *Diario de Madrid*» (Santos Puerto 1997: 408). «Autor muy prolífico, escribió más de treinta y cinco obras sobre temas muy diversos» (Navarro Brotóns s. d.).

<sup>2</sup> Pedro de Alcántara Pérez de Guzmán el Bueno y López-Pacheco, XIV duque de Medina Sidonia (1724-1779), era neto por parte de nai do fundador da Real Academia Española, Juan Manuel Fernández Pacheco y Zúñiga, marqués de Villena. Nobre ilustrado, admirador desde mozo de Benito Feijoo e lector de Newton, Locke, Diderot, Rousseau, Hume e Voltaire, trabou amizade con Martín Sarmiento, a quen coñeceu en 1746. Colleulle un extraordinario aprecio e promoveuno e protexeuno na corte. Como sinala

de Salanova, fillo do secretario da súa nai, e a Santiago Sáez, o seu propio secretario persoal. A copia comezou en 1772, no último ano de vida de Sarmiento, e completouse en 1778. Curiosamente, o primeiro que se copiou, no mesmo ano do falecemento do autor, foi a *Obra de 660 pliegos*. A Colección Media Sidonia constaba inicialmente de 17 tomos, mais engadíronselle algúns materiais que conformaron un ou dous máis<sup>3</sup>. Na actualidade os catro primeiros tomos dos *660 pliegos* (XIII, XIV, XV e XVI) custódiáanse no arquivo da Fundación Casa Medina Sidonia, situado en Sanlúcar de Barrameda (Cádiz), mentres que o último se garda no Museo de Pontevedra<sup>4</sup>.

Sarmiento nunca lle puxo título ao escrito que a posteridade coñecería como *Obra de 660 pliegos*. Como veremos, a motivación inicial desta relacionábase cos preitos en que estaba envolveita a orde bieita por causa dos foros, mais esta motivación perdeu de contado a súa razón de ser, xa que o rei ditou unha real provisión do 11 de maio de 1763 que paralizaba o litixio (véxase o artigo de Pegerto Saavedra neste mesmo volume). Deste xeito, o escrito acabou converténdose nun texto de carácter e extensión moi diferentes aos inicialmente previstos. Así, non se pode descartar que o noso autor emprendese a redacción do texto que co tempo se convertería na *Obra de 660 pliegos* coa intención de que fose difundido dalgún xeito —por exemplo, baixo a forma de informe dirixido á autoridade política—, como acontecera antes con outros escritos en defensa da súa orde<sup>5</sup>. Porén, se esa

---

o editor da correspondencia entre ambos os dous, «la amistad de Sarmiento y el Duque se mantendrá ya hasta la muerte del primero. Cuando el Duque se encuentre en Madrid asistirá regularmente a parlotear un par de horas en la celda del beneditino. Cuando deba desplazarse a los Reales Sitios la conversación es suplida por una regular correspondencia» (Santos Puerto 1995: 20). Cando Martín Sarmiento se viu inmovilizado na súa cela por culpa da súa doenza, o duque puxo ao seu dispor un criado. Sobre as relacións entre os dous, véxase Dahlmann s. d. e Santos Puerto 1995 e 1997. A Colección contén, ao final do tomo X, os orixinais autógrafos das cartas de Sarmiento ao duque que editou Santos Puerto (1995).

<sup>3</sup> Actualmente, a colección Medina Sidonia consta de 18 tomos, pero nalgún momento foron 19. Probablemente o número se reduciu non por perda de materiais, senón por reorganización e reencadernación de parte deles. Véxase Santos Puerto 1997, Monteagudo s. d. e Monteagudo / Viso 2009.

<sup>4</sup> En ningún dos dous arquivos se atribuíu sinatura concreta a estes volumes.

<sup>5</sup> Da súa etapa de cronista oficial da orde bieita son escritos como *Apuntamientos para el pleito contra el Rey sobre presentación de Abadías* (1735) e *Cartas sobre el estado de la Religión Benedictina en España y pago del 8 por ciento*, tamén coñecido polos títulos *Manifiesto del recibo de rentas de los monasterios de la Religión de San Benito* e *Sobre el ocho por ciento de la Religión de San Benito* (1743). Tendo en conta o asunto e a data do primeiro dos escritos citados, semella probable a colaboración de Sarmiento no extenso tratado impreso como anónimo pola orde en 1736 co título *Motivos legales que reverentemente*

foi intención inicial, non tardaría en esvaerse; en todo caso, é obvio que cando o autor decidiu poñerlle fin ao texto tiña tomada a decisión de non publicalo e, por tanto, non lle pareceu necesario poñerlle un título. A carencia de título é un claro indicio de que Sarmiento advertía a falta de unidade do escrito, o seu carácter misceláneo.

O título con que a *Obra* acabou sendo coñecida débese ao copista, Pedro de Salanova. Nos catálogos da produción de Sarmiento recibe diversas denominacións. Na «Cronología de los escritos del Rvmo. P. M. Fr. Martín Sarmiento, contenidos en esta Colección» (abreviaremos *Cronología*), unha especie de inventario dos textos incluídos na Colección Medina Sidonia<sup>6</sup>, ordenado cronoloxicamente e con certeza elaborado por un dos compiladores, aparece consignado do seguinte xeito: «Año de 1763. 660 [*pliegos*] | Sobre Foros de los Benedictinos en Galicia, e Historia Natural de España desde 763 hasta 766, tomos 13 hasta 17 inclusives». Suxírese aí, aínda que sexa dunha maneira indirecta, un título que destaca un asunto (os foros dos bieitos) que ao cabo non resulta merecente de tanto protagonismo. Pola contra, a mención á «Historia Natural de España» fai xustiza a unha parte extensa da *Obra*.

Pola súa banda, no «Índice de las obras manuscritas del Padre Fray Martín Sarmiento, del Orden de San Benito, recogidas en diez y siete tomos en folio por el Duque de Media-Sidonia» (abreviaremos *Índice*)<sup>7</sup>, a entrada correspondente ao tomo XIII aparece encabezada por unha epígrafe descritiva que dá unha idea máis completa da variedade de temas tocados na obra: «Foros de Galicia, Historia Natural, Agricultura, Población, Comercio, Policía, Leyes, Medicina, Milicia, Educación de la Juventud de España». Esta epígrafe, máis que un título, parece unha listaxe de temas tratados. Secomasí, os volumes da obra levan cadansúa indicación: «Volumen 1º/ 2º/ 3º/ 4º/ 5º de la Obra de 660 Pliegos». Esta indicación

---

*expone a la alta censura la Congregación Benedictina de estos reynos, unida a su monasterio de San Benito el Real de Valladolid, en respuesta a la real cédula de ocho de noviembre de 1735 y demostración de los títulos con que se eligen superiores regulares de sus monasterios* (véxase Zaragoza Pascual 1984: 134-136). Este pode verse reproducido en <https://patrimonioidigital.ucm.es/s/patrimonio/item/694041>. Incluso, máis que a colaboración de Sarmiento na redacción deste tratado, non se pode descartar que fose o seu autor.

<sup>6</sup> «Cronología de los escritos del Rvmo. P. M. Fray Martín Sarmiento, contenidos en esta Colección [Medina Sidonia]. Pliegos de cada uno, tomos y folios a que se hallan», Colección Medina, vol. I, ff. 1r-9v. Edición en Pensado 1995: 61-70; véxase tamén Monteagudo / Viso 2009: 183-186.

<sup>7</sup> Véxase Monteagudo / Viso 2009: 180-183 e 192-226.

está inspirada na propia Colección Medina Sidonia, na cal Pedro de Salanova antepuxo cadansúa portada aos cinco volumes na que se ofrece un rótulo que, no estilo da época, máis ben parece unha epígrafe descritiva, pero no que se insinúa a denominación que acabaría recibindo:

VOLUMEN 1º / 2º / 3º / 4º / 5º de la Obra de 660 Pliegos del Reverendísimo Padre Maestro fray Martín Sarmiento, beneditino, que trata de historia natural y de todo género de erudición, con motivo de un papel que parece se había publicado por los abogados de La Coruña contra los foros y tierras que poseen en Galicia los beneditinos.

De aí procede o título de *Obra de 660 pliegos, que trata de historia natural y de todo género de erudición*, polo que o texto sería coñecido, alternando coa denominación, máis breve e por iso máis usada, de *Obra de 660 pliegos*. Esta, coa súa extrema inconcreción, testemuña a dificultade de rotular un complexo texto desmesuradamente extenso e heteroxéneo, e, ante esa dificultade, limítase a facer referencia á súa oceánica extensión —«xigantesca obra», segundo a cualifica José L. Pensado<sup>8</sup>—, deixando na escuridade o seu contido. As ditas consideracións leváronnos a escoller un título para a nosa edición da *Obra* inspirado no rótulo que lle antepuxo Pedro de Salanova: *De historia natural y de todo género de erudición*. Coidamos que este recolle o carácter erudito, enciclopédico e compósito do texto e ao tempo destaca unha das súas áreas temáticas máis importantes, non só pola extensión con que se toca, senón tamén pola súa significación na traxectoria intelectual do autor<sup>9</sup>. Con todo, por razóns obvias, pareceunos conveniente reter no subtítulo a denominación máis coñecida: *Obra de 660 pliegos*.

---

<sup>8</sup> Pensado 1995: 31. Neste mesmo lugar, tamén a considera «una verdadera Silva de Varia Lección Crítica». Hai que ter en conta que tanto Pensado como a maior parte dos estudosos e editores parciais dos *660 pliegos* manexaron copias defectuosas. A nosa é a primeira edición que se basea na copia mestra da colección Media Sidonia, un verdadeiro *codex optimus*, o que nos facilita a *constitutio textus* e nos aforra a inabarcable tarefa de proceder a unha *recensio* e *collatio* dos manuscritos das súas recopias.

<sup>9</sup> Santos Puerto 2002b: 388-412 e Ameneiros Rodríguez 2019.



## UNHA DELONGADA REDACCIÓN. AS DATAS DE COMPOSICIÓN DOS 660 PLIEGOS

Nas súas exploracións eruditas de carácter histórico-literario, Sarmiento bateu constantemente con problemas relacionados co establecemento de datacións certas dos manuscritos, o esclarecemento de autorías discutidas e a restitución crítica de textos corrompidos. Cara ao final dos *660 pliegos* reflexiona sobre este asunto, que xa tratara en diversas ocasións<sup>10</sup>:

Por dos motivos hubo, hay y siempre habrá muchos autores anónimos y pseudónimos: primero, a título de humildad; segundo, por miedo del castigo. Es muy conforme a la cautela humana que el que se atreve a escribir e imprimir un escrito o libelo famoso, satírico, infame, impío y escandaloso, oculte su nombre o tome un nombre fingido. De esto hay hoy bastante cosecha en las naciones. El título de humildad es muy equívoco. Para humildad era preciso que fuese vanidad el extremo opuesto de poner su nombre, y ninguno dirá que han sido vanos los Santos Padres que han puesto el suyo. Pero es cierto que en la Media Edad ha sido frecuente el uso o abuso de los escritos anónimos que tanto han dado que hacer y gastar inútilmente tanto papel sobre averiguar los nombres, patria y edad de un anónimo, lo que se evitaría si cada autor estuviese obligado a poner en dos o tres renglones su nombre, apellido, edad y patria.

No es humildad sino tiranía —aunque inculpable— dejar a la posteridad una sentina de pleitos, controversias y disputas literarias por no querer escribir tres renglones más. (§7364-7365)

En coherencia con esta preocupación, dúas das súas obsesións foron deixar informacións pormenorizadas e exactas sobre as súas obras —autoría, asunto e data de redacción— e asegurarse de que os seus escritos, en caso de seren difundidos —o que, segundo afirma reiteradamente, rexeita—, circulasen mediante copias fieis. Por iso é polo que nos últimos anos da súa vida redactou un «Catálogo de los pliegos que yo, Fray Martín Sarmiento, beneditino y profeso en San Martín de Madrid, he escrito de mi mano, pluma y letra sobre diferentes asuntos,

---

<sup>10</sup> Véxase sobre este asunto, relacionado coa súa defensa dos dereitos de propiedade intelectual, Varela Orol 2016.

ordenado cronológicamente» (abreviaremos *Catálogo*)<sup>11</sup>. Máis adiante citaremos por extenso a entrada do *Catálogo* correspondente á obra en foco, agora é dabondo extractar a seguinte información: «1762 por diciembre hasta el agosto de 766. Ocupé todo ese tiempo en continuar el asunto de los foros, señalando su origen y antigüedad. [...] Toda esta multitud de pliegos llegó al número de 660, a 2640 páginas, y a 7870 números marginales». Velaí algunhas coordenadas básicas para achegarnos á obra, á súa extensión e ás circunstancias da súa produción.

Por parte, no *Catálogo* constátase que, efectivamente, Sarmiento non lle puxera título ao escrito. Nel informa da extensión en número de páxinas do orixinal. Con todo, para facerse á idea das dimensións do texto hai que ter en conta que esas páxinas estaban escritas na diminuta letra do autor e que a cifra que se dá corresponde ao que hoxe contamos como folios, de maneira que a cantidade total de páxinas sería o dobre da devandita cifra, isto é, 5280 páxinas no sentido actual da palabra<sup>12</sup>. Cómpre esclarecer que a división da *Obra* en tomos seguramente non é constitutiva nin responde a unha previsión deliberada do autor (neste sentido, é ben significativo que Sarmiento nunca se refira a tomos dos *660 pliegos*), senón que é sobrevinda, isto é, realizada ao remate da obra. De feito, resulta bastante desigual canto á extensión de cada tomo e un tanto arbitraria canto á distribución dos contidos. Por tanto, a división en tomos da copia contida na Colección Medina Sidonia probablemente non reflicte a organización do orixinal, senón que se debe a Salanova, e nós reproducímola na nosa edición por razóns de comodidade. Por esta mesma razón, cando nos conveña referirémonos aos tomos da *Obra*. Así e todo, para facilitar a localización das referencias aos parágrafos que aparecerán nas páxinas seguintes, indicamos cal é a distribución dos parágrafos por tomos:

Tomo I (§1-1509)

Tomo II (§1510-3389)

Tomo III (§3390-4484)

---

<sup>11</sup> O autógrafo orixinal deste escrito custódiase na Biblioteca Nacional de Madrid, ms. 17.642. Existen varias edicións a partir de copias apógrafas: véxase Viñas Cortegoso 1952. O texto autógrafo foi editado por Santos Puerto 2002a. Citamos por este último.

<sup>12</sup> Os arquivos dixitais dos documentos dan as seguintes cifras de palabras por tomo: tomo I, 235 000; tomo II, 275 000; tomo III, 150 000; tomo IV, 235 000; tomo V, 290 000. En total son, aproximadamente e en cifras redondas, 1 200 000 palabras e 6 500 000 caracteres.

Tomo IV (§4485-6131)

Tomo V (§6132-7871)

Canto ás datas de redacción, ao longo da *Obra* ofrécense, saltuariamente, bastantes pistas. Así, á luz do que se pode espigar no tomo I, compróbase que o escrito se iniciou en 1762, pois ao comezo afirma: «[H]ace hoy 848 años que ese Monte Sacro o Pico Sagro es del monasterio benedictino de San Martín de Santiago» (§99)<sup>13</sup>. Non obstante, un pouco despois, nese mesmo tomo, xa se refire ao «año presente de 763» (§554) e despois, pasada a metade, precisa «antes de ayer, 28 de marzo» (§924), mentres que cara ao final se refire en pasado ao «cinco de febrero de este año de 63» (§1322). Xa que logo, case todo o contido do tomo I se redactou entre finais de 1762 e maio ou xuño de 1763, cando, como antes indicamos, o preito dos foros fora paralizado por real provisión do Consello de Castela.

Máis da metade do texto integrado no tomo II —que é dos máis extensos— redactouse tamén nese mesmo ano, a xulgar pola mención en pasado ao «día 8 de septiembre del año corriente de 63» (§2319) e, un pouco máis tarde, pola afirmación de que escribe no «día de santa Gertrudis», que caería o 16 de novembro (§2381). Posteriormente lese que está escribindo en «diciembre de 1763» (§2626), pero a seguinte referencia cronolóxica, aínda no mesmo tomo II, sitúase xa en «este año de 1764» (§2772). Daquela, o texto deste tomo debeuse escribir entre xuño de 1763 e abril do ano seguinte, se temos en conta a data de inicio do tomo III, á que decontado nos referiremos.

Durante 1764 a dedicación de Sarmiento á redacción da obra debeu ser moi intensa e case exclusiva (véxase a respecto disto a información que se ofrece ao final deste apartado), pois nese ano escribiu o texto contido na parte final do tomo II e a totalidade do integrado no tomo III —que é o menos extenso— e redactou aproximadamente a metade do texto do grosso tomo IV. No tomo III as referencias máis concretas que dá son: pouco despois do principio, o 18 de maio (§3526), un pouco máis adiante, o 4 de xullo (§3842) e, case ao final, o 4 de setembro de 1764 (§4421), de maneira que podemos conxecturar con bastante aproximación que o seu texto foi composto entre abril e outubro de 1764. Os tres últimos meses de 1764 e o primeiro do ano seguinte ocupounos en escribir

---

<sup>13</sup> Este mosteiro foi fundado en 914: <http://pares.mcu.es/ParesBusquedas20/catalogo/autoridad/19632>

unha boa porción do que hoxe está incluído no extenso tomo IV, pois a primeira referencia a 1765 aparece contra a metade do mesmo: «[H]oy, 1 de febrero de 1765» (§5351). A parte final do texto deste tomo debeu ser redactada nos comezos do verán, pois cara ao seu final menciónase o 28 de maio como data recente (§6019) e, moi precisamente, cítase «la *Gaceta de Madrid* de antes de ayer martes, 4 de junio del año corriente de sesenta y cinco» (§6054).

O segundo semestre de 1765 Sarmiento debeu seguir dedicándose intensivamente aos *660 pliegos*, pois a finais de agosto escribira case cincocentos parágrafos do último tomo (§6132-7871) —o máis groso dos cinco— «después de San Bartolomé del corriente año de 65» (24 de agosto), segundo afirma no §6590, e máis de douscentos parágrafos despois menciona a data do «martes pasado, 22 del corriente mes de octubre y del año corriente de 1765» (§6851). A finais de decembro xa avanzara case outros douscentos parágrafos: «acabo de oír que en el *Mercurio* de diciembre de 1765...» (§7288). Finalmente, as referencias primeira e última a 1766 que se dan no tomo V son, respectivamente, «hoy, 10 de febrero» (§7305) e «hoy, 5 de mayo» (§7485), o que parece indicar que traballaba na *Obra* a un ritmo relativamente lento, pero debe terse en conta que desde a última data ata a conclusión do tomo aínda quedan case catrocentos parágrafos máis, os cales verosimilmente escribiu desde principios de maio ata agosto, cando deu por finalizada o escrito, segundo afirma no *Catálogo* antes citado.

O prologuista da *Obra* afánase en xustificar o seu abrupto remate co argumento de que Sarmiento, «habiéndose postrado repentinamente en todas sus fuerzas corporales y espirituales el invierno de 1771 para 772, no la pudo concluir ni señalar el sujeto a quien la dirigía». Esta explicación non ten xeito, pois Sarmiento abandonara a *Obra* moito antes de 1770, cando aínda estaba en pleno vigor das súas extraordinarias facultades mentais. A invocación a un declive repentino da súa capacidade nos anos finais da súa vida parece unha desculpa piadosa para non admitir que ao noso erudito non lle petara dar remate á obra ou non atopara xeito de facelo. Canto a sinalar o suxeito a quen se dirixía o escrito, como veremos, o molde epistolar que adopta ao principio da *Obra* é un artificio literario decontado esquecido polo autor. Proba de que a lucidez mental e os folgos poligráficos de Sarmiento se mantiveron durante varios anos despois de deixar inconclusa a *Obra* é a cantidade e calidade da súa produción entre 1766 e 1770, á que máis adiante nos referiremos.

Por outra banda, a vulgar pola información que o propio Sarmiento ofrece neste *Catálogo*, entre os finais de 1762 e os de 1765 dedicouse case exclusivamente aos 660 *pliegos*, pois nel non se consigna ningún outro escrito en 1763 e só un en 1764. En cambio, data varios textos extensos en 1765 e 1766, o que parece un pouco estraño:

1764. Dos pliegos ligeros que di a un amigo, sobre el estado presente de Pontevedra (2 pliegos). 1765. 30 pliegos *Sobre un Onomástico gallego de la Historia Natural*. Son pliegos de marquilla. Y 20 pliegos, también de marquilla, *Sobre el origen de las lenguas*, y sobre unos *Elementos Etimológicos, siguiendo el método de Euclides, ex hypothesi* de la analogía de las letras en gallego y en castellano.

1766. Un pliego *Sobre el carolo santo de Monardes*, y pruebo que la voz *carolo* es el *carolo* gallego.

1766. Dos pliegos *Sobre el vegetable o gramen*, de Galicia, que allí llaman *lesta*, y de sus virtudes y del inocente uso de la *lesta* para adobar el tabaco.

1766. Por octubre escribí 4 pliegos *Sobre un grande espejo de piedra durísima y cristalina, que vino de la América*. Y es del mismo material de la ara preciosa de la Catedral de Lugo y de otra ara que hay en el Cuzco. En el Perú se llama *Tirpu*, que significa ‘espejo’; y en la Nueva España, *Itzli*. Es rarísima, pues no se sabe labrar, por su dureza, y solo se halla, ya labrada, en los sepulcros de los antiguos reyes. (2002a: 81)

Polo que atinxe á información sobre eses anos que ofrece a *Cronología*, a coincidencia desta co *Catálogo* no tocante ao período de 1763 e 1764 é completa: no primeiro ano non se consigna ningún outro escrito á parte dos 660 *pliegos* e en 1764 cítase unicamente o breve papel sobre *Situación y clima de Pontevedra*. En cambio, a diferenza do que ocorre no *Catálogo*, na *Cronología* non se data ningún escrito en 1765, xa que os *Elementos etimológicos según el método de Euclides* se poñen en 1766, o *Onomástico etimológico latín-gallego de los nombres de lugares, apellidos y frutos de Galicia* en 1769 e o escrito *Hierba lesta* en 1767. Á hora de valorar estas discordancias entre as dúas fontes, debe terse en conta que o autor redactou o *Catálogo* de memoria, mentres que a *Cronología* foi composta a partir das datas que se dan nos propios textos, polo que entendemos que esta é máis fiable. A datación dos *Elementos etimológicos* e do *Onomástico etimológico latín-gallego* no *Catálogo* debe interpretarse ou ben como un simple erro de

memoria do autor, ou ben no sentido de que Sarmiento traballou nelas ese ano de forma ocasional, pero non intensiva<sup>14</sup>.

En todo caso, como se ve, Sarmiento non acabou de aplicar a si mesmo as súas sensatas recomendacións sobre a necesidade de que os autores ofrezan información exacta sobre os títulos e as datas de redacción dos seus escritos. O cal, por parte, é bastante característico del.

## **A OBRA DE 660 PLIEGOS NA TRAXECTORIA VITAL DE SARMIENTO**

É evidente que detrás da redacción dun escrito das inxentes dimensións da *Obra de 660 pliegos* —co que iso implica en termos de investimento de tempo e esforzo—, teñen que existir unhas motivacións moi especiais. Ao tempo, é necesario supoñer que para que o autor puidese dedicarse a unha tarefa tan esixente durante tanto tempo tivo que contar cunhas condicións extraordinariamente propicias. Por tanto, é pertinente que nos deteñamos a considerar as razóns que puideron mover a Sarmiento a escribir esta obra e a situación en que se atopaba durante os anos que dedicou intensivamente á redacción dos *660 pliegos*.

Antes de entrar en máis pormenores, convén ter en conta que o último tomo das *Cartas curiosas y eruditas* de Benito Jerónimo Feijoo foi publicado en 1760, así que a partir desta data Sarmiento se vía liberado da laboriosa xestión da edición das obras do seu mestre e amigo, da que se ocupara polo menos desde 1728, cando comezaron a vir a luz os nove volumes do *Teatro Crítico Universal*<sup>15</sup>. Por outra banda, cando en 1762 inicia a redacción deste escrito, Sarmiento conta xa máis de 67 anos, o que na súa época era unha idade moi avanzada. De feito, desde 1761 vírase practicamente inmovilizado na súa cela, atado ao seu pupitre como unha ostra pegada á roca —como el mesmo di—, por mor da *gemursa* ou *piedeja*,

---

<sup>14</sup> O editor de *Elementos etimológicos* fixa a datación do texto en 1766, tomando como base as informacións cronolóxicas que o propio Sarmiento ofrece nel (Pensado 1998: 16-18). Segundo este editor, a case totalidade do *Onomástico etimológico de la lengua gallega* foi redactado en 1758 e debeu de ser acabado en 1769, aínda que as datas que figuran ao inicio e ao final do manuscrito son respectivamente 1757 e 1769 (Pensado 1999: 14-16).

<sup>15</sup> Os volumes do *Teatro crítico* foron impresos de 1726 a 1740. As *Cartas curiosas y eruditas* saíron en cinco volumes entre 1742 e 1760. Sobre o papel de Sarmiento como «agente literario», «al servicio del proyecto benedictino que encabezaba Benito Jerónimo Feijoo», véxase Álvarez Barrientos 2016 e 2019: 19-28.

unha doenza de tipo gotoso que no seu caso comezou a manifestarse en forma de vultos ou tumores nos pés. Por culpa desta enfermidade, a partir de devandito ano «comienza la época en que Sarmiento se encierra definitivamente», o que non significa que renuncie ás visitas, que recibe regularmente na súa cela, nin ás súas profusas relacións epistolares<sup>16</sup>.

O certo é que o noso frade emprendera a súa segunda e última viaxe a Galicia, que se prolongou desde maio de 1754 a novembro de 1755, coa decidida intención de instalarse definitivamente na súa estrañada Pontevedra, cumprindo así a súa vella arela de afastarse da corte e regresar á súa patria, e talvez apertado por razóns de oportunidade a que nos referiremos despois. As súas pretensións víronse fanadas cando, por confabulación dos seus amigos cortesáns, o rei o propugnou como abade de Ripoll, o cal o obrigaba a volver a Madrid, aínda que en 1757 terminaría por renunciar a este cargo (Santos Puerto 2002b: 186-195). Ora, desde a súa marcha a Galicia e aínda máis desde o seu regreso a Madrid, as condicións políticas mudaran, o que afectou á súa posición en relación coa corte.

Durante a primeira etapa do reinado de Fernando VI (1746-1754), o noso autor mantivera estreitos contactos con personaxes da maior influencia no goberno, como o confesor do rei, Francisco de Rávago. Pola contra, a partir da deposición do marqués de la Ensenada (xullo de 1754), e especialmente despois da exoneración do confesor Rávago (setembro de 1755), as súas relacións cos altos círculos políticos vanse afrouxando progresivamente<sup>17</sup>. Seguía sendo un erudito de recoñecido prestixio, pero xa non era un personaxe de estreita confianza do goberno como fora antes. Velaí unha razón máis para que regresase de Pontevedra á Vila e Corte de moi mala gana. De feito, ata a súa morte non deixou de suspirar polo retorno definitivo á súa terra; con todo, na década de 1760 xa sabía que xamais volvería a ela. En 1759, nunha carta ao seu irmán Francisco Xavier, confíalle: «Nada veo, nada oigo, nada palpo, nada leo, nada escribo, nada observo, nada experimento y nada discurro, que no tenga a vista Galicia y la Boa Vila [*Pontevedra*]» (Sarmiento 1995b: 139).

<sup>16</sup> Santos Puerto 2002b: 208-213, cita da p. 210.

<sup>17</sup> Álvarez Barrientos 2019: 4. Este estudoso refírese a «el desengaño y cansancio al que le llevó la exposición pública y la participación en la política cultural de Felipe V y Fernando VI, el tiempo de práctica cortesana madrileña mientras fue consultor de reyes y ministros» (*ibidem*: 7).

O ascenso ao trono de Carlos III (1759) despois do falecemento de Fernando VI marca un fito definitivo no seu afastamento da corte, o que non significou que Sarmiento non seguise mantendo relacións epistolares con importantes persoeiros da vida pública da capital, como o conde de Aranda (que lle encargou o estudo sobre os camiños reais), o fiscal do Consello de Castela Campomanes ou o propio duque de Media Sidonia, o seu dilecto admirador, interlocutor e amigo. E, aínda que desde 1757 perde a compañía dos seus entrañables compañeiros de convento José Balboa, elixido xeral da orde, e Vicente Marín, promovido a abade de Samos, continúa mantendo relacións cun escolleito círculo de intelectuais residentes en Madrid, do cal forman parte, entre outros, o escultor galego Felipe de Castro, o bibliotecario Juan de Iriarte, o historiador Enrique Flórez, o erudito Esteban de Terreros e o seu paisano pontevedrés Luís Mosquera, marqués de Aranda, para quen en 1748 escribira o *Catálogo de algunos libros curiosos y selectos*, co gallo da súa marcha a México como Fiscal, e que regresou de América en 1760. Ademais, Sarmiento continúa recibindo visitas e albergando faladoiros na súa cela, como queda de manifesto de forma reiterada nos 660 *pliegos*:

Puedo jurar que cuando un criado mío iliterato vio en mi celda el original fingido del fingido don Servando, con Pedro Seguín, que en tiempo de Felipe II forjó un jurista gallego, viendo que estaba en papel y con caracteres góticos, soltó la carcajada de risa y de sí mismo dijo que el tal libro se había fingido ayer. Acaso hablaría en virtud de haberme oído en conversación con algún curioso. (§293)

Antes de entrar en materia del reino animal, quiero, y debo, cumplir mi palabra que di en el número 1398. Esa ha sido de aclarar la especie de los dos gallegos que en Basilea pusieron los primeros la fábrica del papel de trapo, con lo que sobre ella me informase don Juan de Iriarte. Consultó este eruditísimo caballero sus libros, y me informó de lo siguiente. (§1508)

Acabo de oír a un caballero del Perú que en su país todo género de caballerías se alimenta todo el año de la alfalfa o mielga que se llevó allá de España, como se llevaron los caballos. (§1608)

Antes de ayer estuvo conmigo un caballero erudito que había navegado a Méjico, a Lima y a otros parajes ultramarinos. Preguntele si había visto en los navíos los tres globos y me respondió que en ningún navío había visto semejante cosa, ni aun el solo Globo Terrestre. (§3057)



Ayer tarde estuvo conmigo el caballero don Francisco Arguedas, limeño, y que peregrinó mucho por el Paraguay. (§4260)

En Madrid vive un caballero que atravesó todos los desiertos de Buenos Aires, Paraguay y Potosí. Este me dijo que había observado innumerables cabezas de ganado vacuno salvajes y sin dueño. (§6868)

Por un singular acaso, vio mi librería el noble caballero sevillano Conde del Águila, agudo, erudito, discreto y curioso caballero. (§7381)

Porén, conforme avanza a década, co pasamento de colegas e amigos como Andrés Marcos Burriel (1762), Francisco de Rávago (1763), o botánico José Quer, o seu vello compañeiro o monxe Diego de Mecoleta e o propio mestre Feijoo (1764)<sup>18</sup>, o círculo de relacións vaise reduciendo.

## A OBRA DE 660 PLIEGOS NA TRAXECTORIA INTELECTUAL DE SARMIENTO

Durante unha longa etapa da súa traxectoria erudita, desde a década de 1720 ata a de 1750, os intereses de Sarmiento estiveron claramente concentrados na área humanística. É cando escribe títulos tan significativos como *Reflexiones literarias para una Biblioteca Real*, *Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles*, *Coloquio en coplas galegas* e o seu *Comento*, ou *Notas al Privilegio de Ordoño II*. Aínda que as cuestións científicas xa aparecen tan cedo como 1726 (por exemplo, no texto *Martinus contra Martinum: Defensa del discurso médico de Feixoo*) e en 1745 redactara uns extensos *Apuntamientos para una Botánica española* (55 pregos), é na década de 1750 cando o seu interese pola historia natural medra de xeito sorprendente. A transición entre a súa etapa humanística e a naturalística prodúcese na súa viaxe a Galicia de 1754-1755, durante a cal, asegura no *Catálogo de los pliegos*, «registré y leí muchos documentos antiguos de los Archivos, para fijar el fondo de la lengua gallega» pero tamén «me dediqué infinito a la historia

<sup>18</sup> Sarmiento dá noticia destes dous decesos na *Obra*. Di de Feijoo: «hallándose bastante decaído de fuerzas, y enfermo, murió santa y pacíficamente el miércoles veintiséis de septiembre, a las tres y veinte minutos de la tarde del presente año de 1764» (§4759). De Diego de Mecoleta relata que «murió a las nueve de la noche del veinticuatro de diciembre del año de 1764, siendo casi octogenario» (§5732).

natural de aquel Reino, y a conocer todos los vegetables por mí mismo y por los libros que tenía y por las preguntas que hice a los rústicos».

Ao regreso da viaxe, retoma o seu febril poligrafismo e inicia una etapa intelectualmente moi produtiva, durante a cal a historia natural é obxecto dunha atención preferente, grazas aos materiais que recollera e ás notas que tomara nas súas xornadas galegas. A zooloxía e a botánica reciben certa atención, pero é nos primeiros anos da década de 1760 cando o estudo da natureza pasa a primeiro plano. Así, en 1756 retoma os *Pensamientos crítico-botánicos* iniciados en 1753 e redacta cinco escritos sobre vexetais, tema de non menos de dezaseis traballos seus desde 1756 a 1762. Dous deles tratan *Sobre a planta carqueixa* (1759 e 1761); mentres que o máis extenso, con 65 pregos, é o *Papel sobre el vegetable seixebra* (1762), que escribe «por contemplar a Pontevedra» e que, non sen razón, considera «obra muy completa». En 1757 comeza a escribir tamén sobre zooloxía, cos traballos *Pájaro flamenco* e *Almadrabas y atunes* (motivados ambos por consultas do duque de Medina Sidonia); nos anos seguintes tamén escribirá *El animal Cefo o Papión* (1760) e *Noticia de un cuerno de rinoceronte* (1762). En 1760 redacta o orixinal estudo de historia médica *Antigüedad de las bubas*, en 34 pregos.

Porén, a atención á historia natural non o desvía totalmente da súa aplicación aos estudos humanísticos. Así, non faltan neses anos os escritos de tema filolóxico, con preferencia polas etimoloxías, como *Apuntamientos para un discurso apologético sobre etimologías y método para aplicar los elementos etimológicos al onomástico de la lengua gallega* (1758) ou *Origen de la voz gallega mixiriqueiro* (1759). No traballo *Origen del nombre y casa de san Julián de Samos* (1761) fai alarde das súas extraordinarias competencias en filoloxía, diplomática e historia medieval. Dos traballos dedicados á historia literaria durante ese período é obrigado citar *Patria de Miguel Cervantes*, no que tamén trata do autor do *Amadís de Gaula* (1761). Tampouco faltan as antigüidades, como en *Geografía de las cuatro vías militares romanas que salían de Braga a Astorga* (1762). Deses anos son tamén, entre outros, o escrito *Sobre caminos generales de España*, en 30 pregos (1757), redactado por encargo do conde de Aranda, e *El porque sí y porque no del Padre Sarmiento* (1758), un insólito exercicio de desafogo persoal e ao tempo unha xustificación da súa renuncia a publicar os seus papeis, sobre o que volveremos.

Na lista anterior só aparecen os traballos máis importantes realizados entre 1756 e 1762, pero abonda para dar unha idea da fecundidade da súa pluma e a diversidade das súas preocupacións nese período. Doutra banda, é revelador o contraste entre a multiplicidade de escritos producidos entre 1756 e 1762 e a escaseza dos compostos entre este ano e 1766, como antes observamos. Está claro, pois, que durante catro anos (1763-1766) a súa grafomanía compulsiva se centrou case exclusivamente na *Obra de 660 pliegos*. Ora ben, se a súa paixón naturalista desatada a partir de 1755 preludia o contido nos tres primeiros tomos dos *660 pliegos*, os dous últimos testemuñan a volta a primeiro plano dos seus intereses humanísticos, que predominan a partir de 1766, nos últimos anos da súa vida activa.

En efecto, os anos que van de 1766 a 1770 constitúen a derradeira etapa produtiva do noso autor, daquela xa de idade moi avanzada. Nesta etapa final, Sarmiento posterga a historia natural en proveito dos seus vellos intereses humanísticos. Por exemplo, como sinalamos, neses anos redactou *Elementos etimológicos según el método de Euclides*, en 1768 compuxo o importante tratado *Educación de la juventud* e a mediados de agosto de 1769 finalizou o extenso *Onomástico etimológico latín-gallego de los nombres de lugares, apellidos y frutos de Galicia*. Aínda en 1770 escribiu unha substancial «Carta al General de San Benito sobre formar un cuerpo Diplomático» e compuxo o seu último escrito de tema filolóxico dunha certa extensión: *Discurso apologético sobre etimologías*.

A visión sumaria e parcial da súa produción que acabamos de ofrecer serve como recordatorio da abraiante vastidade dos seus intereses. Álvarez Barrientos (2016) caracteriza o seu proxecto intelectual, organizado segundo o modelo acumulativo dos gabinetes de curiosidades que proliferaban na Europa culta daquel tempo, como típico dun tempo previo á especialización académica. Trátase dun proxecto que, ademais, pola súa atención aos saberes antigos, desafiaba a noción consagrada pola Ilustración dun progreso lineal no coñecemento. A súa erudición asentábase nunha sólida familiaridade tanto cos ditos saberes, sobre os que pivotara boa parte da súa formación (dan boa fe diso o seu frecuente uso de expresións latinas e as súas abundantes citas de memoria de autores latinos), como cos riquísimos arquivos da súa orde (da que, como cronista, era arquiteiro maior) e en xeral coa historiografía peninsular. Alén disto, dotado dunha magnífica e ben abastecida librería, manexaba unha bibliografía

excelente pola súa cantidade, variedade e modernidade<sup>19</sup>; unha bibliografía que estudara a fondo e que manexa con sagaz criterio e admirable soltura, tal como queda de manifesto ao longo dos *660 pliegos*. O índice de autores e obras citados nesta obra, que se atopa en preparación e se publicará proximamente, dará cumprido testemuño do que estamos a dicir<sup>20</sup>.

Por outra banda, como afirma Pensado, a súa obra «es un fidelísimo espejo en donde todas y cada una de las discusiones de su tiempo se reflejan» (1995: 58). Sarmiento, como afirma Álvarez Barrientos, «vestido de antiguo» no deixa de ser «moderno» e, por tanto, «crítico», e crítico «también de lo contemporáneo». Así, «no fue esclavo de las modas intelectuales, pero tampoco del pasado [...] su escritura se instalaba en la alternativa entre tradición y modernidad, atrapado, aunque fuera más allá, en los límites de la fe y de la institución a la que pertenecía» (Álvarez Barrientos 2019: 61). Alén do devandito, aínda que ao noso autor o movían unha curiosidade insaciable, indiscriminada canto aos asuntos, e unha ambición enciclopédica, non deixaba de ter moi presente a utilidade do saber para contribuír á mellora da sociedade. Niso estaba moi acorde co espírito da súa época. É así que unha parte non menor da súa obra consiste en informes encargados por distintas autoridades e respostas a consultas.

As anteriores observacións, aplicables ao conxunto da súa produción, veñen moi a propósito cando nos achegamos á *Obra de 660 pliegos*. Como se pode comprobar na lectura desta, son constantes as referencias aos seus escritos anteriores<sup>21</sup>, mentres que, por outra banda, adianta observacións que serán desenvolvidas

---

<sup>19</sup> O seu *Catálogo de algunos libros curiosos y selectos para la librería de algun particular que desee comprar de tres a quatro mil tomos*, escrito en 1748 e publicado no *Semanario Erudito* entre 1787 e 1791, está aínda esperando unha necesaria edición crítica (Sarmiento 2002a e Monteagudo 2002). Aínda máis necesaria é unha edición do catálogo da súa propia librería, a que lle puxo como título *Catálogo de los Autores, de quienes, yo Fr. Martin Sarmiento, Benedictino, tengo ad usum, ó todas sus obras, ó parte de ellas, ó algun tomo suelto, y separado*, no que aparecen censados máis de dous mil seiscientos escritores e máis de seis mil catrocentos volumes. O orixinal autógrafo deste, que abreviadamente denominaremos *Catálogo de los Autores*, atópase na Real Academia de la Historia, ms. 9/1829. Segundo dúas estudosas da súa biblioteca, esta atópase «entre las más importantes bibliotecas españolas del siglo XVIII constituidas por un particular» (Varela Orol / Ameneiros Rodríguez 2016: 1). Véxase tamén Stiffoni 1973, Monteagudo 2002 e Ameneiros 2015 e 2019.

<sup>20</sup> Calculamos que ao longo dos *660 pliegos* se citan arredor de 1200 títulos, dos cales por volta de mil corresponden a volumes impresos.

<sup>21</sup> A título de ilustración: por exemplo, no tomo II fai referencia a máis dunha ducia de escritos da súa pluma: sobre os atúns e almadrabas (§1938), os cetáceos de Zumaya (§2212), o lobo cerval (§2216), as dendritas

noutros posteriores, como é o notable caso do importante tratado *Educación de la juventud*.

## O MOTIVO DESENCADEANTE: OS BIEITOS E O PREITO DOS FOROS EN GALICIA

Acabamos de referirnos ao apego de Sarmiento á institución a que pertencía —a orde bieita— e ao feito de que parte da súa obra responde a encargos con finalidades concretas en relación con asuntos de actualidade. Pois ben, no *Catálogo* antes citado, as dúas últimas entradas do ano 1762 refírense aos foros. A penúltima di «1762 por noviembre sobre Foros; Papel ligero porque instaba la prontitud (5 pliegos)». A última, que xa aducimos, pois corresponde á *Obra de 660 pliegos*, comeza: «1762 por Diciembre hasta el agosto de 766. Ocupé todo ese tiempo en continuar el asunto de los Foros, señalando su origen y antigüedad». Por tanto, antes de comezar esta obra, Sarmiento redactara un «papel lixeiro» sobre foros, con certa présa, unha présa que se explica polas circunstancias en que foi redactado e pola súa finalidade, por razóns que axiña veremos<sup>22</sup>. Á vista disto, debemos pensar que os *660 pliegos* foron iniciados como unha especie de continuación ou ampliación deste escrito.

O prólogo que encabeza o tomo I da *Obra* ofrece unha pista chave sobre a relación entre ambos os textos cando afirma que foi inicialmente concibida como resposta, en forma de carta, a un amigo que pide a súa opinión ao autor sobre «un memorial a nombre de las ciudades del Reino de Galicia, apoyado de unos informes de ciertos abogados de La Coruña», segundo o cal «la causa de la pobreza de

---

(§2363), o cinocéfalo (§2395), o corno de rinoceronte (§2396), a ara da catedral de Lugo (§2401), o ligno-aloes (§2474), a cebra (§2493), os adornos do Palacio Real de Madrid (§2528), o bidueiro (§2599), as bubas (§2669), a escrofularia (§2714) e os camiños reais (§2910).

<sup>22</sup> No arquivo da Congregación de San Benito de Valladolid, que se conserva no Mosteiro de Silos, existe un exemplar deste escrito, co título «Exposición de la Religión de S. Benito al Rey N. S. manifestando histórica y científicamente el origen de los foros, su genuina y verdadera significación y el derecho que compete en ellos a sus monasterios», Documentos, tomo 35, ff. 178-188. Segundo Santos Puerto (2002b: 91), este escrito é orixinal autógrafa. No mesmo arquivo existe unha copia con idéntico título, ms. 61, n.º 4, ff. 1-16. Véxase «Guía de fondos» no Proxecto Sarmiento (Monteagudo / Fortes s. d.: 21 e 29). [http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_sarmiento\\_guia\\_de\\_fondos\\_2022.web.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_sarmiento_guia_de_fondos_2022.web.pdf)

Galicia» era «querer los monjes benedictinos y bernardos de aquel reino recobrar las tierras de sus monasterios que tenían dadas a foro». Os asuntos relativos ás propiedades, o réxime fiscal e os dereitos dos conventos bieitos xa foran tratados polo autor en momentos anteriores, pois, como se sabe, foi cronista xeral da orde, un cargo que levaba anexas responsabilidades sobre os seus riquísimos arquivos, nos que se custodiaba unha documentación preciosa para a defensa dos intereses da orde<sup>23</sup>. A cuestión dos foros dos bieitos é obxecto dunha análise detallada neste mesmo volume por parte do historiador Pegerto Saavedra, especialista na materia. Limitarémonos, pois, a esbozar aquí un rápido apuntamento.

Como se explica no traballo de Saavedra, o vello preito foral fórase caldeando tras o falecemento de Filipe V (1746), ata alcanzar un clímax nos inicios da década de 1760. Nese ano, o Consello de Castela decidiu abrir un expediente xeral de foros ao que se incorporaron informes, ditames e manifestos diversos (Villares / Díaz-Castroverde 1997: 30-38; Saavedra 2007: 191-198). En novembro de 1761, o Colexio de Avogados da Real Audiencia da Coruña, creado o ano anterior, emitiu un primeiro ditame que propuña resolver a cuestión nun sentido desfavorable para os mosteiros. A este seguiuille un segundo ditame do mesmo organismo, datado en febreiro de 1762, aínda máis contundente ca o anterior (Villares / Díaz-Castroverde 1997: 173-185 e 187-196). É probable que o primeiro encargo a Sarmiento sobre o tema fose o que motivase o seu primeiro e breve escrito, que «instaba a prontitude». A Real Audiencia de Galicia elaborou tamén o seu ditame, igualmente en febreiro de 1762, pero este non era concluínte pola división de opinións que se produciu no seu seo (Villares / Díaz-Castroverde 1997: 31-33 e 197-212).

En sentido contrario á renovación forzosa dos foros, este mesmo ano publicouse un manifesto a nome do conde de Altamira e a Orde de San Bieito<sup>24</sup>. Os

---

<sup>23</sup> Véxase atrás, nota 5.

<sup>24</sup> Véxase Villares / Díaz-Castroverde 1997: 17-41 e Saavedra 2007: 189-198, a quen sigo neste apartado. Concretamente, sobre a posición de Sarmiento neste debate, Villares 1997 e Saavedra 2002: 29-32. O título completo do opúsculo é suficientemente expresivo: *Manifiesto Legal en que persuaden el Conde de Altamira y la religión de San Benito que la pretensión que tienen introducida algunos poderosos de Galicia con el nombre de Reino, sobre la precisa renovación de los foros es injusta y contra todo derecho, y que sería el motivo de tener avasallados a los pobres naturales de aquel Reino; por lo qual se debe repeler, con imposición de perpetuo silencio, para que en ningún tiempo la vuelvan a introducir*. Ó final, está firmado por Juan Antonio Herrero, Joaquín de Zúñiga e José Cayetano de Lindoso. Está reproducido en Villares / Díaz-Castroverde 1997: 213-237. Hai unha reprodución dixital accesible na rede: <https://uvadoc.uva.es/handle/10324/13652>

escritos anteriores deben corresponder ao «memorial a nombre de las ciudades del Reino de Galicia» e os «informes de ciertos abogados de La Coruña», que se mencionan no «Prólogo» da *Obra de 660 pliegos* e que, segundo se di nel, motivaron a réplica de Sarmiento. Finalmente, o 11 de maio de 1763 ditouse unha pragmática de Carlos III que ordenaba suspender os desposos dos foreiros ata que non se lexislase sobre a materia, conciliando así dereitos adquiridos con intereses creados (Villares 1997). En consecuencia, xerouse unha situación de interinidade legal que foi reforzada por disposicións posteriores do Consello de Castela. Desta maneira, a cuestión dos foros quedou nunha especie de limbo legal, no que permaneceu durante máis de século e medio.

A posición de Sarmiento sobre este preito pódese resumir, segundo Ramón Villares, en dous puntos: primeiramente, «a súa total xenreira con respecto ós intermediarios, que sempre saen malparados na súa pluma» —«arpías», «zánganos», «ociosos», «caciques de entremés», «pegotes estraños»—, e, en estreita conexión co anterior, a súa convicción de que «a Igrexa debe entenderse directamente cos labradores, mante-lo control estrito sobre ou seu patrimonio e modificar, se é preciso, a substitución do foro polo arrendo» (Villares 1997: 211-212). Por iso o noso autor entende a decantación do Consello de Castela a favor da doutrina da renovación forzosa como unha «conjuración» (§5, §430). A solución que Sarmiento propugna a esta «conjura contra los pobres y la religión de san Benito» é rotunda: «[J]amás debe dar la Religión de San Benito sus tierras sino a pobres colonos que por sí las cultiven para salir de pobres, que no pretendan a ser ricos, ni aspiren a fundar mayorazgo con la sustancia de la Iglesia» (§52).

### «UN SUPERFICIAL BOSQUEJO DE LA GENERAL INSTRUCCIÓN»

Segundo se explica no Prólogo da *Obra*, «tomó la pluma el sabio autor de esta obra para desvanecer las imposturas contenidas en dicho memorial e informes». Porén, logo, pasou a dilucidar «las verdaderas causas no solo de la miseria y pobreza de Galicia, sino de la despoblación y ruina de toda España, las que largamente expone en toda esta obra». Xa entrado en tema, decidiu deterse a indicar «os remedios que a ellas se deben aplicar» e a dar «reglas para promover la agricultura, población, plantíos, comercio y crianza de ganados». Por tanto, desde a mesma

orixe e principio dos *660 pliegos* asoma o Sarmiento preocupado polos problemas contemporáneos, cun punto de arbitrista e cun certo alento utópico. Discorrendo sobre uns e outros asuntos, pareceulle oportuno entrar en «toda la historia natural en sus tres reinos, vegetal, animal y mineral, contrayéndolo especialmente al Reino de Galicia». E así sucesivamente, foi tratando —como reza a epígrafe inicial da obra—, entre outras cousas, de foros de Galicia, historia natural, agricultura, poboación, comercio, policía, leis, medicina, milicia e educación. Non é estraño que o autor acabase por perder o fío do discurso e se enredase divagando sobre unha miríade de temas, de maneira que ao final deixou a obra aberta, de forma abrupta, como pendente dunha continuación que xamais escribiría.

En relación coa multiplicidade de temas tratados nos *660 pliegos*, volvemos ás observacións de Álvarez Barrientos sobre o conxunto da súa obra. Segundo este estudoso, por unha banda, a contrafío da progresiva especialización dos saberes no seu tempo, Sarmiento adhírese ao ideal do enciclopedismo, que abranguía a totalidade da árbore das ciencias. Por outra banda, o noso autor interesouse polos saberes emerxentes, pero desbotou os modos sistemáticos de exposición, que non lle permitían «abismarse en el gusto gozoso de la investigación y la escritura» (2019: 62). Alén disto, a súa perspectiva foi acumulativa, ao xeito dos coleccionistas, de maneira que desenvolve e articula as súas indagacións por asociación libre, ligando e combinando saberes antigos e contemporáneos de diversas pólas daquela árbore das ciencias.

Pasamos agora a dar unha visión panorámica, moi sintética e forzosamente parcial, dos contidos dos *660 pliegos*. Para non perdérmonos nos intricados pasadizos da súa labiríntica configuración, teremos que facer abstracción das numerosas, e ás veces extensas, digresións, ás que nos referiremos no apartado seguinte. Iniciamos o percorrido volvendo unha vez máis á entrada que se lle dedica no *Catálogo*, xa que este ofrece un resumo en que resalta os contidos que o autor parece querer destacar. Agora ofrecémola máis por extenso:

1762 por diciembre hasta el agosto de 766. Ocupé todo ese tiempo en continuar el asunto de los foros, señalando su origen y antigüedad. Con esta ocasión, se explican los principios de la agricultura en España, y el modo de promoverla, no con profesores precarios, sino con labradores que por sí mismo cultiven las tierras, de modo que entre esos y los del directo y verdadero dominio, no haya zánganos y pegotes intermedios. [...]



Hablo de la tierra marga de Plinio para estercolar las tierras. Divido las tierras en caserías en cuyos perfiles estarán los árboles silvestres; y propongo se ahorren dehesas, montes, pastores, mesta; y que todos los montes de España se cultiven y habiten como en lo antiguo; y que todo se cultive con bueyes. Multiplico las norias y tahonas para aprovechar los ríos en la navegación. Propongo modo de desalar la agua marina; y explico los métodos de observar la longitud sin las inconstancias del imán. Manifiesto nuevos métodos de una Geografía de España, y un método manual de la Cronología, en un bastón. Propongo el método de enseñar a la juventud a leer, escribir y contar, y a tomar unos principios de matemáticas y de música. Añado y retoco muchos pliegos de los que había escrito, como sobre la poesía del año de 1744.

En toda esta prolija obra siempre he atendido a observar la historia natural y botánica, y a probabilizar las etimologías de algunas voces y frases castellanas y gallegas, reduciéndolas al latín.

Como xa se albisca neste incompleto resumo e se pode comprobar ao repasar os índices detallados dos cinco tomos da *Obra*, o asunto dos foros representa unha parte moi pequena dela. De feito, ocupa menos da cuarta parte do primeiro tomo (ata o §366), mentres que no resto del (é dicir, ata o §1509) se tocan outros varios asuntos relativos á poboación, á propiedade da terra e á economía (comercio, agricultura e manufactura), con especial detemento na utilidade das plantas para a produción de tecidos e doutras manufacturas.

En realidade, a parte máis estruturada dos 660 *pliegos*, que abarca boa parte dos tomos I e II (§833-1509 e §1510-2691), ofrece un tratamento relativamente sistemático dos reinos vexetal (§833-1509), animal (§1510-2227) e mineral (§2228-2691). Aos animais terrestres e as aves dedica os §1510-1297; aos acuáticos, os §1928-§2227. O tomo III iníciase coa continuación do reino mineral, tratando de metais e minas (§3390-3757), segue con puntos variados de comercio e poboación (§3758-4019) e finalmente esténdese en diversos aspectos de botánica, farmacopea e medicina (§4020-4484). En toda esta sección da *Obra* o autor segúa un plan máis ou menos definido:

Advierta el lector que siempre he discurrido hasta aquí sobre la promoción de la agricultura y comercio en España, y con singularidad en Galicia, sin salir del reino vegetable, que es uno de los tres reinos de la historia natural. Aún faltan muchos objetos de ese mismo reino

vegetable que piden especial atención y, entre esos, todo género de árboles y maderas. (§1423)

Os asuntos de historia natural que se tocan non foron escollidos a rumbo nin tratados *ad libitum*, senón desde una perspectiva e cunha finalidade utilitaria, coa mira posta na mellora da economía de Galicia e de España:

Ya se ha visto que en este papel no he hablado de todos los vegetables ni de todos los animales, sino únicamente de los que podrán tener alguna conducencia para entablar, aumentar y promover el comercio en España, sin salir de lo que España produce y podrá producir. (§1732)

Alén diso, no seu percorrido polos tres reinos da natureza Sarmiento aplica de forma coherente un certo método: comeza coas denominacións de cada especie en castelán, galego e latín —e, se vén ao caso, en francés ou outras linguas—, que dan paso ás conxecturas etimolóxicas, con que pola súa vez comeza o repaso da bibliografía, desde a antigüidade —esta xa adoita ser evocada ao tratar das etimoloxías, coa exploración de étimos latinos ou gregos— ata o seu tempo, logo seguen as consideracións prácticas sobre a súa explotación e posibles melloras. En certo xeito, ao proceder desta maneira practica unha versión adaptada e actualizada do persoal método de estudos no que se baseou a súa formación —inicialmente humanística e logo tamén naturalística— e que describe neste mesmo tomo III:

Cuando yo era mozo no dejaba pasar voz alguna, latina o castellana, que no procurase averiguar sus significados. No tomaba autor alguno en las manos cuya vida no buscarse y leyese. No tropezaba con lugar alguno geográfico, antiguo o moderno, cuyo sitio no procurase averiguar por los libros de geografía. Con el tiempo, no quise pasar por alto voz alguna de las que, a mi parecer, significaban algún mixto de la historia natural sin consultar los autores clásicos que han escrito de ella, para instruirme de sus nombres, de su naturaleza y de sus propiedades y virtudes. (§3641)

Isto é: atención ao vocabulario, á biografía, á xeografía, coa consulta dos autores clásicos e a provisión das súas informacións. Tamén é verdade que este

mesmo método lle ofrece unha permanente tentación de «divertirse», pois, como el mesmo explica, «si alguna vez me divierto, o es para aclarar un punto de geografía antigua, o para explicar una voz por medio de la analogía y de la etimología; o para apurar la propiedad de algún mixto» (§3685). Do saber clásico chega ao coñecemento contemporáneo —ou viceversa— a través das voces da lingua, mediante o descubrimento das súas analoxías (derivación a través das mutacións formais) e etimoloxías (transformacións dos seus significados). De aí a importancia central na súa obra do seu estudo da lingua, en particular do galego, cun enfoque combinado semiasolóxico / onomasiolóxico e etimolóxico.

El atribúe ás súas digresións, lingüísticas ou doutro carácter —sobre as que axiña volveremos—, unha función heurística, como un procedemento persoal, pouco convencional e non formalizado, para «conectar» asuntos e saberes aparentemente inconexos e velos desde perspectivas inéditas, e desta maneira expor de forma orixinal as cuestións, obter achados sorprendentes e iluminar problemas recónditos:

Esas detenciones mías, que los lectores de escuelas llaman *digresiones*, son frecuentes en mis papeles y en las cuales siempre descubro algo que jamás he leído en libro alguno y, aunque por consecuencias mediatas, siempre le adapto al principal asunto de mis papeles. [...]

Siempre que me es indispensable tropezar con voz o cosa que no entiendo (y esto me sucede muchas veces en lo que leo y en lo que oigo) no quiero pasar adelante sin satisfacerme antes, a lo menos a mi modo, de la calidad de la cosa y de la genuina significación de la voz. (§845-846)

Cara ao final do tomo II, decatándose de que as digresións o levaron moi lonxe do asunto inicial da obra («me arrastró la pluma»), detense nunha recapitulación do escrito ata o punto en que se acha, á vez que aproveita para explicarse:

Mil leguas distante de toda esta algarabía estaba yo cuando tomé la pluma para formar este escrito que, según camina, parará en dos tomos en folio. Comencé por asunto doméstico. La voz pública de que se pensaba en promover la agricultura, la población y el comercio, insensiblemente y sin querer, me arrastró la pluma a poner por escrito algunas reflexiones más sobre estos asuntos. He mirado la agricultura como la basa fundamental de la felicidad

de un Estado. Después, la población. Después, el comercio. Y siendo el comercio de mar el más útil y fructuoso, metí también la pluma en el punto de navegación. (§3028)

Na metade do tomo III esváese toda pretensión de coherencia do conxunto. Así, o tomo IV encarreira unha serie miscelánea de temas da súa preferencia, algúns dos cales viñan acudindo á súa pluma obsesivamente desde décadas atrás, especialmente os relacionados coa educación (§4485-4821) e coa historia literaria e lingüística peninsular, en particular de Galicia e Portugal (§4822-5780). Continúa aplicando o método explicado na cita previa, pero agora con énfase non só na xeografía, senón tamén na cronoloxía, pois unha e outra son «os dous ollos da Historia». Adopta unha perspectiva historiográfica que pretende sacar o foco do evenemencial (o político e os grandes personaxes) e colocalo sobre a literatura e a cultura, e, o que é máis orixinal, as «persoas» e as « cousas »:

Desde mi primera mocedad he sido siempre aficionado a la Geografía, así especulativa como práctica, y así antigua como moderna. Y por haber conocido ser cierto que la Geografía y Cronología son los dos ojos de la Historia, extendí mi afición a la cronología, sagrada y profana. Historia, sin saber ni el *ubi* ni el *quando*, no es historia sino novela, *sine die et sine consule*, y oír campanas sin saber en dónde. No solo hablo de la historia de sucesos, sino también de la historia literaria, o de personas, y de la historia natural, o de cosas que Dios ha criado. (§4639)

Ao final do tomo IV, co gallo da fundación dunha Academia de Agricultura na Coruña, retoma en zigzag asuntos de agricultura, comercio e poboación tocados previamente (§5781-6131). Nunha longa explicación, aínda tenta dar un sentido coherente ao desartellado discurso previo. Redunda na explicación sobre os motivos de «divertir a pluma» na agricultura, a poboación e o comercio, e xustifica a «conexión» que existe entre estes asuntos e a educación da mocidade:

Cuando yo estaba escribiendo los principios de esta obra, se levantó en Madrid una voz, común en todas las conversaciones, sobre la agricultura, población y comercio. No se oía sino hablar de agricultura; otros de la población y otros del comercio. El fuerte era la agricultura. Daca la agricultura, toma la agricultura. En fin, se hizo moda en Madrid hablar de la agricultura, porque era moda flamante en las naciones escribir de la

agricultura. Yo no podía tener la risa viendo que a tantas voces de agricultura no había cosa real que le correspondiese [...].

Y cuando más se voceaba *agricultura*, era cuando más se multiplicaban los arbitrios para que ni pudiese haber agricultura, ni población, ni comercio verdadero. Entonces, por la conexión que la agricultura tenía con lo que venía escribiendo, divertí la pluma a escribir de la agricultura, etc. Sobre esto escribí muchos pliegos, y como la historia natural de España es la basa de la agricultura completa, también de ella escribí muchos pliegos. Y como esa historia natural es poco conocida en España, por la ninguna enseñanza que de eso se da a la juventud, escribí otros muchos pliegos sobre la educación de la juventud española, desterrando el estudiar de memoria, y a la letra; y el castigo, que son los dos protectores de la ignorancia y del odio a las letras. (§6126-6127)

Pero xusto cando está a acabar o tomo parece que se cansa e anuncia brusca-mente un cambio de asunto: «No prosigo ya más en esta materia de agricultura. Paréceme que he escrito bastante» (§6126). Ao comezo do tomo V, o máis dis-perso de todos, reflexiona sobre a ilación do texto, que xa adquirira dimensións exorbitantes, apelando novamente á noción de «conexión», clave para entender o operar indisciplinado —hoxe diríamos «interdisciplinario» ou «transdiscipli-nario»— do seu pensamento e o devir aparentemente errático dun discurso á deriva: «[E]n esto de conexiones hay mucho que decir», argumenta, pois «los de corta lectura tienen por inconexos los asuntos que leen en un libro y que jamás los habían leído».

Pola súa banda, segundo asegura, «cuando escribo, más tiendo a la conexión que entre sí tienen las noticias en mi cabeza que a la que podrán tener (o no) en las cabezas de mis lectores», de maneira que suxire que para captar a sintaxe subxacente á organización do discurso é necesario «palpar» «la cadena continuada de las conexiones intermedias y sucesivas» (§6133). Este modo de proceder res-ponde, como observa Álvarez Barrientos, a «su capacidad asociativa y relacional» e permítelle barallar «los múltiples intereses en los que se entretenía» para contem-plar os asuntos «desde diferentes puntos de vista, de manera que unos explicaran a otros» (2019: 40). Por outra banda, tamén se xustifica como un modo de prever a «repetida monotonía de un escrito y de un escritor» (segundo as súas propias palabras), aborrecible para unha mente veloz, inquieta e en permanente fervedoi-ro como a súa.

En efecto, no tomo V (§6132-7871) está ausente a agricultura, pero retornan a pedagogía, agora centrada no ensino das matemáticas (§6132-6227), e as cuestións de leis, comercio e poboación (§6630-7064); seguidamente, desenvolve unha crítica demoledora dos falsos cronicóns e os fabriqueiros de xenealoxías (§7065-7380bis), denuncia embustes históricos sobre Galicia (§7398bis-7631) e acaba con apuntamentos sobre xeografía antiga do país, con especial atención a Pontevedra (§7632-7871). Conforme avanza o tomo, o texto vaise entretecendo de digresións sobre puntos variados, como as festas e os torneos, «la barbarie de la fiesta trágica de toros», os exercicios militares, o exceso de coches de Madrid —outra das súas obsesións— ou a matrícula da mariña. O discurso acaba desembocando en antigüidades da súa estrañada Pontevedra, un excursu absolutamente caprichoso, exclusivamente motivado polo seu propio deleite. De súpeto, acaba:

Y con esto me parece que los materiales que amontoné en estos veinte pliegos de mi letra o en estos 240 números marginales con tales cuales incidentes que van esparcidos en toda esta obra son bastantes para que un curioso de Pontevedra se divierta en averiguar algunas más antiguallas mediante nuevas inscripciones. (§7866)

## «SE DIVIRTIÓ LA PLUMA»: UNHA CADEA DE CONEXIÓNS INTERMEDIAS E SUCESIVAS

Está fóra de dúbida que Sarmiento era capaz de compoñer un escrito ben organizado, redactado con esmero e cunha presentación formal impecable. Para convencerse diso abonda con follear obras como a *Demostración crítico-apologética del Teatro Crítico Universal* (Sarmiento 1732) ou as *Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles* (Sarmiento 1775). O noso autor manexaba con soltura as técnicas de preparación de textos, fose para presentar como informes máis ou menos oficiosos, fose para a súa publicación, pois exercitárase longamente nelas como consultor de diversas instancias ou asesor de persoeiros da alta política, e, de xeito moi especial, como editor das obras de Feijoo. Así, ao referirse nos 660 pliegos ao seu informe sobre os camiños reais, redactado a pedimento do conde de Aranda, lembra que se lle solicitou permiso para a súa impresión e afirma: «Yo no he escrito los pliegos para que se imprimiesen [...] y en cada caso que se

imprimiesen, primero había yo de repasar dos y tres veces mi original, le había de comer, emendar, añadir, y aun corregir al impresor» (§2913). Con respecto á propia *Obra*, por se xurdise a dúbida, el mesmo se encarga de aseveralo: «No vivo tan despreciado de mí mismo que no crea que si quisiese poner en limpio estos borroneos, como salieron de la cabeza inmediatamente a la pluma, también los coordinaría menos mal, con algún método, división y con mayor claridad» (§1424).

Por tanto, se aqueles «borrones» non foron acabados nin sometidos a revisión e corrección, nin arranxados con método, división e claridade —o que converte a edición dos 660 *pliegos* nun auténtico desafío—, non foi porque o autor non fose competente para facelo, senón, en primeiro lugar (logo veranse outras razóns de máis peso), porque non quixo investir o seu precioso tempo nestas aburridas tarefas. Nunha carta ao duque de Medina Sidonia quéixase de que tivera que corrixir unha copia do seu *Catálogo* nestes termos: «Tardé mucho más tiempo en corregirla que había tardado en escribir mi original, y con tal fastidio, que de mejor gana hubiese escrito de nuevo 24 pliegos del mismo *Catálogo* añadido, que corregir la copia de los doce que presenté a Vuestra Excelencia» (Sarmiento 1995a: 112).

De certo, na primeira metade da *Obra de 660 pliegos* e en determinados aspectos, como xa sinalamos, apréciase unha certa visión de conxunto, unha mínima estruturación e unha guía que orienta o discurso. Pero na segunda metade da obra as desviacións vanse incrementando máis e máis, ata que, simplemente, se abandona toda pretensión de coherencia, ata o punto de que deixa de percibirse a mera existencia dun curso principal ou se volve imposible distinguilo da «algarabía» de excursos. Ende ben, como tamén observamos, segundo o autor, nin os «episodios» que abundan na primeira metade da *Obra* nin as «incidencias» que pululan na segunda son provocados por descoidos. Simplemente, nun momento dado, Sarmiento decidiu escribir sen plan e abandonarse á corrente «tumultuaria» —un adxectivo que se reitera continuamente no texto— dos seus pensamentos. Aínda que en cada caso os desvíos sexan desencadeados de maneira fortuíta, detrás deles existe unha estratexia deliberada de escrita.

Adoito, ao final das súas digresións máis longas, o autor coida necesario xustificalas. Será interesante deterse nalgúns destas explicacións, dado que resultan especialmente clarificadoras sobre a orixe destes excursos. Por sinal, cara ao final

do tomo I, con preto de seiscentos folios redactados (a copia vai aí polo folio 562), Sarmiento faise cargo de que, saltando de materia a materia, o asunto inicial que motivara o escrito quedara moi atrás, polo que sente obrigado a explicar o extravío do discurso, e explica que o que comezou tocando *por incidencia* acabou converténdose nun *asunto*:

*Protesto que cuando tomé la pluma para formar este papel, ni pensé escribirle tan prolijo, y vivía muy distante de meterme en agricultura, población y comercio. Estando casi a la mitad del papel, supe que en Madrid se hablaba mucho y se escribía de la agricultura, etc. Más por incidencia que por asunto, se divirtió la pluma a proponer algunos cálculos y reflexiones sobre lo que todos hablaban, y a pocos pasos me vi empeñado en tomar por asunto lo que había comenzado por incidencia.*

*Así, ninguno debe extrañar que mis discursos, buenos o malos, hayan salido tan sin método y orden, y que aun en lo material hayan salido tan tumultuariamente escritos. (§1423-1424)*  
[as cursivas están engadidas]

Xa que logo, neste caso, a «incidencia» que o levou a disertar sobre a agricultura foi provocada porque este tema se volveu de actualidade cando o autor estaba a tratar outro que na súa opinión estaba máis ou menos conectado con aquel.

Noutras ocasións as digresións dispáranse polas mencionadas «conexións», asociacións de ideas na mente do autor, como «sacudimientos de preocupaciones y errores envejecidos», isto é, ilacións inesperadas con asuntos sobre os que tiña cavilado no pasado. Así, ao final do tomo II, despois de espallarse en longas digresións, primeiro sobre a potabilización da auga do mar (§2547-2666) e, logo, sobre o imán e o cálculo da lonxitude terrestre (§2692-3389), xustificase nos seguintes termos:

*Al llegar con la pluma al pliego 205 de este escrito, siguiendo las reflexiones sobre los mixtos naturales de España para promover el comercio por mar y por tierra, me detuve en el succino o electro y en sus transporaciones. Y por las transporaciones de los líquidos me vino la idea de tentar hacer potable la agua del mar. Escribí sobre ese útil asunto diez pliegos, siguiendo a los antiguos e imitando el modo que la naturaleza tiene para dulcificar la agua marina.*



Viendo cuán útil sería ese hallazgo para el comercio por mar y que no sería menos útil el hallazgo de las longitudes, *quise tentar no tanto la solución cuanto la inteligencia de ese problema*. Creí que bastarían dos o tres pliegos, *pero se me iban ofreciendo a la pluma tantas reflexiones, tantos incidentes curiosos y del caso y tantos sacudimientos de preocupaciones y errores envejecidos* que, sin mendigar ni arañar noticias que abultasen, *escribí atropelladamente* sesenta pliegos de mi letra, y son los que acabo de escribir. (§3379-3380)

Nótese o exercicio exploratorio que supoñen estes excursos improvisados: ao escribir «se me iban ofreciendo a la pluma tantas reflexiones» que «quise tentar no tanto la solución cuanto la inteligencia de ese problema». Escribe deixándose levar pola pluma, para ver se consegue entender mellor o asunto, revisando, criticando e desbotando ideas previas sobre el.

A incidencia que arrastra a pluma para enlearse nun «episodio» desviado do tema pode consistir en algo tan nimio e circunstancial como un comentario que deixa caer un interlocutor nalgunha conversa na súa cela:

A no ser por utilidad del comercio, no me hubiera detenido tanto en el problema de la longitud y en el arbitrio de hacer potable la agua marina. Por la misma razón del comercio, me he detenido en el reino mineral y hablé con extensión del estaño, pues no hace doce días que un castellano leído, erudito y docto me dijo que siempre había estado en la inteligencia de que el estaño no se hallaba en España. (§3685)

Este «escribir atropelladamente» os «chispazos de mis pensamentos» (§5797) explica tamén as repeticións de determinados asuntos, que retornan unha e outra vez á pluma. O estilo de pensamento e o método compositivo por «conexións» por unha banda condúceno a irse constantemente polas ramas, pero tamén a describir traxectorias cíclicas, en bucle, nas que os asuntos tornan e retornan, enguedellados a través das súas diversas ligazóns, para ser contemplados en aspectos ou con prismas diferentes. Así, como xa indicamos, ao final do tomo IV, xorde unha incidencia motivada pola noticia da creación dunha Academia de Agricultura na Coruña, que desvía a pluma cara aos temas recorrentes da agricultura e a poboación (§5781-6131):

A los principios de esta obra escribí con prolijidad de la población, historia natural, botánica, agricultura y comercio interior de España. Discurrí que todo sería hablar al aire si no se pensaba seriamente en la buena y fundamental educación de la juventud española que se pudiese dirigir para aquellos ejercicios. Escribí bastantes pliegos sobre este singular asunto. [...] Estando en esto, supe que en La Coruña se había inventado una academia de agricultura. *Con ese incidente, quise volver a retocar y añadir el punto de agricultura.* (§5948)

Tampouco estas reiteracións parecen preocupar especialmente ao autor. Conforme explica unha vez máis cando xa chegou á metade do tomo III, e por tanto da obra, as reiteracións que abundan no texto non significan unha carencia de asuntos que tratar, senón que se deben a que lle esqueceu o que escribira atrás:

Reparará alguno que en esta obra repito algunas especies y confieso que tendrá razón. [...] La especie que repitiere no será por falta de otras especies, pues más que escribo dejo en el tintero. Eso procede de que sin pensar comencé esta obra, la proseguí tumultuariamente y, así, no hice estudio de acordarme de lo que dejaba escrito atrás, por ser todo de primera mano. (§3582-3583)

### **«ESPAÑA NO ESTÁ PARA IMPRIMIR NI AUN PARA SABER, SINO CADA UNO PARA SÍ MISMO»**

Sarmiento xustifica reiteradamente a desorde, as digresións, as repeticións, o desaliño xeral da *Obra* non só reivindicando o valor formativo e o potencial heurístico da súa escrita tumultuaria, senón tamén coa escusa de que non a redacta máis que para si mesmo. Con tal motivo, recae nun dos tópicos que aparece e reaparece unha e outra vez nos seus textos: as razóns da súa tallante negativa a imprimir os seus escritos:

Paréceme que estoy oyendo a los que con el tiempo leyeren estos papeles, que ya pararon en tomos [...]. Dirán que esta obra es muy larga, *atestada de latines y digresiones*, y aún de puerilidades [...]. Bastantes veces he repetido que *yo no escribo para imprimir, sino para mi instrucción*, pues más estudio y me instruyo escribiendo media docena de pliegos que leyendo una docena de tomos, a medio dormir, bostezando y apurando cajas de tabaco. (§3631)

Farto de expor as súas motivacións aos amigos que lle insistían constantemente en que depuxese desa teimosa actitude, escribira un papel específico sobre este asunto<sup>25</sup>. Nos *660 pliegos* retoma coa firmeza habitual a súa argumentación:

El hambre, el interés y la vanagloria y, no pocas veces, la vil adulación, que son los cuatro elementos de los más que hacen sudar las prensas, jamás entrarán a componer la complejión de mi pluma para imprimir. El por qué no me meto a ese oficio es asunto que tengo debajo de la muela para tratarle con mucha extensión. (§3632)

Así, descarta os móbiles que xulga máis correntes para os autores imprimiren os seus textos, pero, significativamente, enterra a explicación última da negativa a publicar os seus «debaixo dunha moa», o que incita o lector a facer as súas conxecturas. Ao noso parecer, detrás desta drástica decisión achábase a súa experiencia como editor de Feijoo, encargado de tramitar as autorizacións das distintas censuras —por tanto, ben consciente dos límites impostos á crítica e á liberdade de expresión, tanto polas institucións de censura como polo consenso social dominante na sociedade española coetánea— e testemuña dos mal intencionados ataques, as parvas refutacións e as estériles controversias dos seus ignaros impugnadores, contra os que el mesmo saíra ao publicar a única obra impresa baixo o seu nome en vida, a *Demostración crítico-apologética del Teatro Crítico Universal*: «[J]amás pienso ni pensaré en escribir cosa alguna para que se imprima; como tan escarmentado ya en cabeza ajena [...]. Hoy más que nunca son muy peligrosas las resultas de un libro después de impreso. [...] España no está para imprimir; ni aun para saber, sino cada uno para sí mismo», confíalle por carta ao libreiro José A. Armona (Pensado 1995: 73; Álvarez Barrientos 1987: 210). O noso autor non tería humor nin ganas de perder o tempo en discusións con detractores tan

---

<sup>25</sup> «El porque si y porque no del Padre Martin Martesino» (1758), véxase Sarmiento 1988. No *Catálogo* di que redactou este escrito, dedicado especificamente a expoñer as razóns da súa aversión para escribir para as imprentas, «apestado de moscones que me censuraban porque no salía de casa y porque no imprimía mis escritos». Álvarez Barrientos apunta que o escribiu «no tanto para defenderse de las imputaciones cuanto para explicarse y contribuir más a hablar de sí mismo, a esculpir su propia talla, algo que hace con suma frecuencia en sus escritos» (2019: 10). O que resulta sorprendente non é que el propio contribuíse a tallar a súa figura pública como individuo esquivo, solitario e insociable —unha imaxe que responde máis a unha estratexia que á realidade— senón que moitos estudosos da súa obra, tan ilustres como José L. Pensado, a asuman e aínda colaboren postumamente a cimentala.

prexuzos como indoutos que desprezaba olímpicamente. E, desde logo, non se recataba de manifestalo coa súa crueza usual nestes casos:

Pero agora que ni hablo con magistrados, que *no escribo para contemplar mecenas ni para imprimir, sino para mí mismo* solo o para los coheteros, confiteros, tabaqueros y cartoneros que me hubieren de heredar mis papeles, no pienso contemplar gaitas gallegas ni zamoranas, ni falsarios de raza, ni comentarores de reata, ni copiantes serviles, ni lectores boquirrubios. Yo busco la verdad no en charcos y lodazales, cuales son las cuatro clases dichas, sino en las fuentes originales. (§7312)

Prefería escribir con total liberdade a someterse á aprobación de calquera tipo de censura, fose a oficial e institucionalizada —que coñecía por dentro—, fose a informal da sociedade ben pensante, afeito como estaba a nadar contra corrente da opinión consensual e do saber recibido.

Pero se Sarmiento desexaba que os seus textos quedasen inéditos, para que e para quen escribiu os *660 pliegos*? A resposta tópica que dá a esta pregunta, obviamente finxida, é que escribía para si mesmo, para a súa propia instrución e, incluso, polo puro pracer de escribir: «[S]olo por decir algo y por ninguno otro fin, o hablando con claridad ingenua; por emborronar el papel y no por otra razón, me entremetí a escribir de lo que jamás ha sido objeto de mi pluma ni de mi experiencia» (§3280). De boca para fóra, declaraba que non esperaba que os seus «papeis» o sobrevivisen, pois pararían, como di na cita que acabamos de reproducir, en «los coheteros, confiteros, tabaqueros y cartoneros que me hubieren de heredar mis papeles». Reitérao arreo en moitos dos seus escritos e, case obsesivamente, nos *660 pliegos*:

El ver, no sin enfado, que no se quiere ejecutar esto, siendo tan fácil, tan útil y tan poco costoso, me convence que estos veinticinco pliegos que llevo escritos sobre los pescados para aumentar los alimentos y promover el verdadero comercio *jamás pasarán de papeles mojados. No vivo arrepentido de haber ocupado el tiempo en ellos, pues yo mismo me he instruido de mucho que no sabía y me he sacudido de muchos errores vulgares con que tenía embarrada y emborrada mi memoria.* Supongo que nada se ejecutará de lo que propongo, y en esa suposición nada perderé en proponer algunas providencias que tampoco se tomarán. (§2220)

Esas protestas de que esborranha os pregos unicamente para si —porque non teñen quen os lea— forman parte dunha estratexia retórica que lle permite manifestar as súas opinións coa súa característica franqueza<sup>26</sup>, áspera, incluso cáustica, na crítica e sempre contundente se se trataba de defender a Galicia, ás súas xentes ou á súa lingua de aldraxes alleas: «No sé hablar sino como pienso: por eso debo vivir tan retirado del mundo [...]. No sé escribir sino como hablo y como pienso: por eso debo huir de tomar la pluma y de ponerme al mecánico oficio de escritor» (*El porque sí y porque no*, §11); «Soy tan natural, real y sencillo, que me repugna escribir con la sonda en la mano» (Álvarez Barrientos 1987: 212).

Pero é obvio non só que Sarmiento tiña lectores, senón que cando redactaba as súas obras tiña un público no horizonte, por máis restrinxido que este fose naquel momento. Así, os presumibles lectores emerxen de cando en vez no texto. Xa vimos que inicialmente os *660 pliegos* se presentan como unha carta de resposta a unha consulta que se lle fixera por correo, pero que o autor se esqueceu decontado desta estratexia. Desde o principio, e todo ao longo do primeiro tomo, Sarmiento diríxese reiteradamente a un lector anónimo: «se saciará el lector» (§14), «vea el lector» (§42), «coteje el lector» (§256), «observe el lector» (§333), «imáginelo el lector» (§355), «no disgustará al lector» (§966), «advierta el lector» (§1423). Estas interpelacións a un «lector» impersoal, que aparecen tamén unha e outra vez nos tomos seguintes, á vez que obrigan a poñer en dúbida a ficción de que o seu texto é unha carta a un destinatario concreto, desmenten a súa afirmación de que escribe para si mesmo.

Ocasionalmente, os supostos lectores do texto —ou de determinadas partes del— son citados de modo máis concreto. Ocorre, por exemplo, cos seus devotos amigos de Pontevedra:

A no ser por tales cuales curiosos que hay y podrá haber en Pontevedra, dije —y me hago cargo— que lo que voy escribiendo no es lectura interesante ni de algún atractivo

---

<sup>26</sup> Como sinala Álvarez Barrientos, Sarmiento, «al ser sincero, no se considera inurbano ni descortés (como le acusan), sino que muestra su buena educación y cortesía, basada en ser y no en parecer» (2019: 11). Sobre o ineditismo de Sarmiento e o seu estilo de escritura, véxanse as consideracións deste estudioso nese mesmo traballo, pp. 28-34. Aí sinala moi acertadamente que Sarmiento «frecuentó la escritura con el placer y la libertad del que no piensa en publicar [...]. No pensar en publicar le permitía una gran libertad de estilo y de expresión de sus pensamientos, no sujetos a censura» (*ibidem*: 29 e 32).

para otros lectores. Por lo mismo me quiero entretener y detener con la pluma en referir individualidades que ninguno ha pensado en referirlas, pero con la esperanza de que acaso los que las leyeren se aficionarán a aumentarlas, rectificarlas y corregirlas. (§7638)

Así e todo, que tiña un círculo de lectores «eruditos» gustantes dos seus escritos queda de manifesto cando asevera, con pouco disimulado orgullo, que os que gozan deles aceptan de bo grao a súa intrincada prosa, o que demostraría que non é tan defectuosa como a primeira vista puidese parecer. Cun punto de fachenda e sen aparente ironía, mesmo se atreve a contradicir a evidencia: «más peço de conciso que de largo y pesado». Así, apoiándose na opinión dos seus lectores amigos, permítese reivindicar sen reservas o seu *usus scribendi*, retrucando aos que o critican:

Dicen que soy muy largo y pesado en mis escritos, y que amontono digresiones. ¿Y quiénes lo dicen? Los que o no los han leído, y, si sí, que se podrá dudar si poseían los requisitos para entenderlos. Si los entendiesen, ellos mismos verían lo que me quedó en el tintero, y que más peço de conciso que de largo y pesado.

[...]

Podré testificar de algunos eruditos que vienen a favorecerme que, pidiéndome algunos pliegos míos para leer, han leído de una sola asentada y sin escupir cinco pliegos de esta mi letra de cartapacio. Esto se compone muy mal con ser yo prolijo, pesado y molesto con digresiones o episodios. Los que más me censuran son los que menos entienden. (§3635, §3637).

De feito, o seu público predilecto, o que realmente apreciaba, eran estes eruditos que formaban parte do selecto círculo dos seus interlocutores e amigos, cos que trocaba novidades, discutía ideas e comentaba os seus escritos:

De los amigos que han visto mis efemérides de 25 años, que han leído mis pliegos que sobre este asunto voy escribiendo y que me han oído en conversación familiar las infinitas utilidades que se seguirán al público y al particular que las escribiese, y sobre todo a los venideros para saber y coordinar una verídica historia, ya dos de ellos se han determinado a comenzar y proseguir sus efemérides respectivas. (§7341)

Pero, como se ve ao final da cita anterior, Sarmiento tamén pensaba en lectores anónimos, «sobre todo los venideros», que un día se interesarían polos seus papeis. O noso autor, como afirma Álvarez Barrientos, a miúdo proxectaba as súas propostas «para el futuro de una forma utópica (por perfecta), que se puede relacionar con la de los arbitristas» (2019: 61). É de supoñer que esperaría que os seus lectores futuros desculpasen o seu singular estilo de escritura a cambio de poder gozar da súa desenfadada prosa, da súa apaixonada elocuencia e da fascinación que irradian os brillantes «chispazos» do seu pensamento.

Xa que logo, en definitiva, que é a *Obra de 660 pliegos*? O propio autor defínea reiteradamente como «tumultuarios apuntamientos», «extemporáneas memorias» ou «confusos borrões» e apunta que «no son sino un superficial bosquejo de la general instrucción que sin atarse a tiempo determinado se escribirá» (§306). A idea dun «superficial bosquejo» dunha «general instrucción» capta tanto a condición de mero esbozo daquel conxunto de anotacións —de *ensaio* no primitivo significado de ‘intento’— como a súa vasta ambición enciclopédica, o seu carácter de compendio de preocupacións e intereses do seu autor. Un ensaio entendido como tentativa máis de formular e entender problemas que de propoñerlles unha solución definitiva. Unha enciclopedia no sentido etimolóxico de εν κυκλος παιδεια ‘instrución en círculo’, pero neste caso, como xa sinalamos, mellor que ‘en círculo’ sería dicir ‘en bucle’, pois a roda non se pecha e os asuntos volven unha e outra vez. É unha tentativa que non chegou a culminar e un bucle en espiral que non se clausura —e nisto podería consistir a súa paradoxal congruencia.

Deste xeiro, nos *660 pliegos* queda plasmada talvez mellor que en ningún outro dos seus escritos a súa figura intelectual de erudito polígrafo e grafómano, caracterizado por Álvarez Barrientos do seguinte modo:

Sarmiento ni fue poeta, ni publicista, ni literato en sentido lato, ni historiador, aunque a veces fungiera como tal, sino documentalista y asesor, experto erudito en acumular datos e informaciones que podían servir a outros y a él mismo para escribir tratados sobre diferentes materias, pues nada humano le fue ajeno, llevado tanto de su curiosidad como de su concepción de que los saberes están relacionados y se explican, y explican el mundo, en contacto. (2019: 44-45)

## DIFUSIÓN PÓSTUMA DA *OBRA DE 660 PLIEGOS*

Como xa sinalamos, a *Obra de 660 pliegos* ocupa os tomos XIII ao XVII da Colección Medina Sidonia. Pola súa vez, eses tomos, como o conxunto da colección Media Sidonia, foron trasladados á chamada Colección Dávila, hoxe na Biblioteca Nacional de España (Madrid)<sup>27</sup>, e á coñecida como Colección Los Heros, que se custodia, incompleta, na Biblioteca da Real Academia de la Historia<sup>28</sup>. Na Biblioteca Nacional de España existe unha copia completa máis da *Obra*, na actualidade de acceso libre na rede<sup>29</sup>. A Colección Dávila contén un traslado dos escritos de Sarmiento de calidade en xeral regular, e por veces menos que regular, igual que a súa parella, a Colección Los Heros, a semellanza do que ocorre coa maior parte das copias e recopias dos escritos de Sarmiento e das edicións que comezaron a multiplicarse xa nos finais do século XVIII. Non obstante, foi ata tempos recentes empregada como fonte principal para o coñecemento da obra de Sarmiento, e, especificamente, para as edicións que, aos poucos, comezaron a divulgar unha parte moi limitada desta a partir dos finais do século XIX.

Anotacións e resumos dos *660 pliegos* ou dalgunha das súas partes poden atoparse nos diversos extractos da Colección Medina Sidonia e das que dependen desta que se realizaron nos séculos XIX e XX. Ademais, algunhas das súas seccións circularon manuscritas de maneira independente, ás veces con título propio, como «Jardín medicinal de pobres»<sup>30</sup> ou «Digresión sobre la educación de la juventud española»<sup>31</sup>, e mesmo chegaron á imprenta, con títulos como *Nacimiento y crianza de San Fernando en Galicia* (1849), *Párrafos de un manuscrito inédito*

---

<sup>27</sup> *Colección de las obras del P. Sarmiento* [Copia hecha en 1785 para D. Pedro Francisco Dávila], 23 vols. Madrid, Biblioteca Nacional, ms. 20374/96. Sobre esta, véxase Gesta y Leceta 1888, Pensado 1995: 16-17 e Santos Puerto 1997: 403 e 409-410.

<sup>28</sup> *Colección de las obras del P. Sarmiento*, 12 vols. Madrid, Academia de la Historia, 9/1817. Sobre esta, véxase Pensado 1995: 20-21.

<sup>29</sup> *Obra llamada de 660 pliegos que trata de historia natural y de todo género de erudición, con motivo de un papel... contra los foros y tierras que poseen en Galicia los Benedictinos...*, [s.d.], 2 vols., Madrid, Biblioteca Nacional, mss. 3105 e 3106.

<sup>30</sup> Véxase a «Guía de fondos» do Proxecto Sarmiento: Monteagudo / Fortes s. d.: 30 e 75.

<sup>31</sup> Álamo 1931, Galino 1953 e Costa Rico / Álvarez Lires 2002: 205-245. Sobre a edición de Galino, véxase Pensado 1995: 21-22. Estes últimos editan un extracto dos §4480-4596, sen indicación precisa da súa fonte, que non parece ser a colección Medina Sidonia.



del P. Sarmiento (1897)<sup>32</sup>, *La educación de los niños*<sup>33</sup> ou *La «Pantómetra» do Padre Sarmiento* (1991)<sup>34</sup>.

Por outra banda, as noticias sobre a súa vida e algunhas circunstancias que se relatan nos *660 pliegos*, así como varias reflexións e afirmacións de diverso tipo que nesta obra se conteñen, foron recollidas en numerosos estudos sobre Martín Sarmiento. Quizais o aproveitamento máis intensivo neste sentido, con abundantes citas da *Obra*, foi o que realizou un dos máis insignes sarmentistas e ata hoxe o seu principal editor, o profesor José L. Pensado, no estudo titulado *Fray Martín Sarmiento, testigo de su siglo*, no que fai seguido referencia ás numerosas observacións sobre a sociedade do seu tempo que Sarmiento deixa caer ao longo dos *660 pliegos* (1995: 31-60). Pero Pensado, que se dedicou a afondar na produción do noso erudito durante décadas e foi editor de boa parte dos seus escritos filolóxicos, non chegou a enfrontarse coa publicación da «gigantesca obra», «obra imponente» (*idem*: 31). Tampouco o tentou outro sarmentista ilustre, biógrafo, estudoso e editor da súa obra pedagóxica, o profesor berciano José Santos Puerto. Por tanto, aos case 260 anos do inicio da súa redacción, sentimos unha profunda satisfacción cando por fin puidemos ofrecer por primeira vez a edición do seu oceánico texto completo.

---

<sup>32</sup> López Peláez 1897. Reproduce os §3406-3450 e §3691-3703 do tomo III da *Obra*.

<sup>33</sup> Tamén coñecido baixo o título «Educación de los niños» ou «De la educación de los niños» (Arquivo do Mosteiro de Silos, ms. 73/B), títulos dados á sección formada polos §4480-4596, que foron editados en 1931 e 1953 (véxase nota 31). O asunto é retomado nos §6123-6632.

<sup>34</sup> Basanta Campos 1991. Reproduce os §6476-6531, do tomo V e último da obra.

## MANUSCRITOS CITADOS

- Catálogo de los Autores, de quienes, yo Fr. Martín Sarmiento, Benedictino, tengo ad usum, ó todas sus obras, ó parte de ellas, ó algun tomo suelto, y separado, que permanece inédito*, Madrid, Real Academia de la Historia, ms. 9/1829.
- Catálogo de los pliegos que yo, Fray Martín Sarmiento, he escrito de mi mano, pluma y letra sobre diferentes asuntos*, Madrid, Biblioteca Nacional de España, ms. 17.642. Publicado en Santos Puerto 2002a.
- Colección Dávila*, Madrid, Biblioteca Nacional de España, ms. 20.374-20.396.
- Colección Los Heros [Colección de las obras del P. Fr. Martín Sarmiento]*, Madrid, Real Academia de la Historia, Biblioteca General, 9/1817 a 9/1828.
- Colección Medina Sidonia*. Sanlúcar de Barrameda, Archivo General de la Fundación Casa Medina Sidonia, vols. 1, 3 a 11, 13 a 16 e 18. Os volumes 2, 12 e 17 atópanse na Biblioteca do Museo de Pontevedra.
- Cronología de los escritos del Rvmo. P. M. Fray Martín Sarmiento, contenidos en esta Colección. Pliegos de cada uno, tomos y folios a que se hallan*, Colección Medina Sidonia, vol. I, ff. 1r-9v. Publicado en Pensado 1995, 61-70.
- Índice de las obras manuscritas del Padre Fray Martín Sarmiento, del Orden de San Benito, recogidas en diez y siete tomos en folio por el Duque de Media-Sidonia, su amigo*. [«Piñeiro fecit Matriti 1778»], Sevilla, Biblioteca Capitular y Colombina, 59-1-17. Publicado en Monteagudo / Viso 2009.
- Obra de 660 pliegos del Reverendísimo Padre Maestro fray Martín Sarmiento, benedictino, que trata de historia natural y de todo género de erudición*. Tomos XIII, XIV, XV, XVI: Sanlúcar de Barrameda, Archivo General de la Fundación Casa Medina Sidonia, Colección Medina Sidonia. Tomo XVII: Pontevedra, Museo de Pontevedra.
- Obra llamada de 660 pliegos que trata de historia natural y de todo género de erudición, con motivo de un papel... contra los foros y tierras que poseen en Galicia los Benedictinos*, Madrid, Biblioteca Nacional de España, mss./3105 V.1, mss./3106 V.2 (<http://bdh-rd.bne.es/viewer.vm?id=0000038853&page=1>).

## SITIOS WEB CITADOS

- <http://pares.mcu.es/ParesBusquedas20/catalogo/autoridad/19632>  
<https://consellodacultura.gal/area2.php?arq=4023>

## BIBLIOGRAFÍA CITADA

- ÁLVAREZ BARRIENTOS, Joaquín (1987): «Correspondencia entre José Antonio Armona y el Padre Martín Sarmiento», *Revista de Literatura*, XLIX, 199-219.
- ÁLVAREZ BARRIENTOS, Joaquín (2016): «Para la historia de una amistad: Feijoo (1676-1764) y Sarmiento (1695-1772)», en Inmaculada Urzainqui / Rodrigo Olay Valdés (eds.), *Con la razón y la experiencia. Feijoo 250 años después*, Oviedo, Instituto Feijoo de Estudios del Siglo XVIII-Universidad de Oviedo / Ayuntamiento de Oviedo / Ediciones Trea, 489-508.
- ÁLVAREZ BARRIENTOS, Joaquín (2019): *Martín Sarmiento (1695-1772). La erudición y la escritura como formas de vida*, Madrid, Fundación Ignacio Larramendi.

- AMENEIROS RODRÍGUEZ, Rocío (2015): *La Biblioteca de Martín Sarmiento: recepción de la Ilustración en España*. [Tese de doutoramento]. A Coruña, Universidade da Coruña (<https://1library.co/document/qppwv7dq-biblioteca-martin-sarmiento-recepcion-ilustracion-espana.html>).
- AMENEIROS RODRÍGUEZ, Rocío (2019): «Trabajos y libros sobre Historia Natural y Medicina de Martín Sarmiento», *Trocadero*, 31, 127-148.
- DAHLMANN, Liliane M. (s. d.): «Pérez de Guzmán el Bueno y López-Pacheco, Pedro de Alcántara» (<https://dbe.rah.es/biografias/13833/pedro-de-alcantara-perez-de-guzman-el-bueno-y-lopez-pacheco>).
- FILGUEIRA VALVERDE, José F. (1972): «El Padre Sarmiento en el Museo de Pontevedra», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 27 [81-82-83], 77-113 ([https://consellodacultura.gal/proxecto\\_sarmiento/files/2008/12/filgueira\\_valverde\\_cuadernos.pdf](https://consellodacultura.gal/proxecto_sarmiento/files/2008/12/filgueira_valverde_cuadernos.pdf)).
- GESTA Y LECETA, Manuel (1888): *Índice de una colección manuscrita de obras del Rmo. Padre Fr. Martín Sarmiento, beneditino, seguido de varias noticias bio-bibliográficas del mismo*, Madrid, Viuda e Hija de Gómez Fuentenebro ([https://consellodacultura.gal/proxecto\\_sarmiento/files/2008/12/gesta\\_leceta.pdf](https://consellodacultura.gal/proxecto_sarmiento/files/2008/12/gesta_leceta.pdf)).
- [MONTEAGUDO, Enrique (s. d.): «Introducción ás obras de Martín Sarmiento» (<http://consellodacultura.gal/paxina.php?id=8499&tipo=paxina&carq=8499>).
- MONTEAGUDO, Enrique (2002): «Limiar», en Martín Sarmiento 2002a, 7-56.
- [MONTEAGUDO, Enrique / Belén FORTES (s. d.): «Guía de fondos manuscritos da obra de Martín Sarmiento» ([http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_sarmiento\\_guia\\_de\\_fondos\\_2022.web.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_sarmiento_guia_de_fondos_2022.web.pdf)).
- MONTEAGUDO, Enrique / Silvia VISO (2009): «Índice das obras de Frei Martín Sarmiento na Colección Medina Sidonia», *Boletín da Real Academia Galega*, 370, 179-229 (<https://publicacionsperiodicas.academia.gal/index.php/BRAG/issue/view/33/33>).
- NAVARRO BROTONS, Víctor (s. d.): «Pedro Alonso de Salanova y Guilarte» (<https://dbe.rah.es/biografias/19999/pedro-alonso-de-salanova-y-guilarte>)
- PENSADO, José Luis (1972<sup>1</sup> [1995<sup>2</sup>]): *Fray Martín Sarmiento, testigo de su siglo*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia ([https://consellodacultura.gal/proxecto\\_sarmiento/files/2009/07/pensado\\_testigo\\_siglo.pdf](https://consellodacultura.gal/proxecto_sarmiento/files/2009/07/pensado_testigo_siglo.pdf)).
- PENSADO, José L. (1998): «Estudio preliminar», en Martín Sarmiento 1998, 15-90.
- PENSADO, José L. (1999): «Estudio preliminar», en Martín Sarmiento 1999, vol. 1.
- SAAVEDRA, Pegerto (2002): «Frei Martín Sarmiento e a súa época», *Obradoiro de Historia Moderna*, 11, 7-38.
- SAAVEDRA, Pegerto (2007): *A Galicia do Antigo Réxime (ca. 1480-ca. 1835). A sociedade. Volume I. Frades, cregos e fidalgos*. [=Tomo VII de A Gran Historia de Galicia]. A Coruña, La Voz de Galicia.
- SANTOS PUERTO, José (1995): «Introducción» a Fray Martín Sarmiento, *Cartas al Duque de Medinasidonia*, Ponferrada, Instituto de Estudios Bercianos, 9-45.
- SANTOS PUERTO, José (1997): «Paradero y descripción de la Colección Medina Sidonia», en *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, t. I, 399-422 (<https://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=3001>).
- SANTOS PUERTO, José (2002a): «Una Bio-Bibliografía actualizada de Martín Sarmiento: Catálogo de los pliegos (...) sobre diferentes asuntos», *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, 6, 69-95 ([https://ruc.udc.es/dspace/bitstream/handle/2183/7768/SAR\\_6\\_2002\\_art\\_3.pdf](https://ruc.udc.es/dspace/bitstream/handle/2183/7768/SAR_6_2002_art_3.pdf)).
- SANTOS PUERTO, José (2002b): *Martín Sarmiento: Ilustración, educación y utopía en la España del siglo XVIII*, 2 vols., A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.

- SARMIENTO, Martín (1732): *Demonstracion critico-apologetica del Theatro Critico Universal*, 2 vols., Madrid, Viuda de Francisco del Hierro.
- [SARMIENTO, Martín (1736)]: *Motivos legales que reverentemente expone a la alta censura la Congregación Benedictina de estos reynos, unida a su monasterio de San Benito el Real de Valladolid, en respuesta a la real cédula de ocho de noviembre de 1735 y demostración de los títulos con que se eligen superiores regulares de sus monasterios*, s.l., s.n.
- SARMIENTO, Martín (1775): *Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles*, Madrid, Imprenta de D. Jhoachín Ibarra.
- SARMIENTO, Martín (1988): *El porque sí y porque no*. [Edición crítica, introducción e notas de Michel Dubuis, Nicole Rochais e Joël Saugnieux]. Oviedo / Lyon, Instituto Feijoo de Estudios del Siglo XVIII / Université Lumière-Lyon II.
- SARMIENTO, Martín (1995a): *Cartas al Duque de Medina Sidonia (1747-1770)*. [Edición e estudo de José Santos Puerto]. Ponferrada, Instituto de Estudios Bercianos.
- SARMIENTO, Martín (1995b): *Epistolario*. [Disposto por Xosé Filgueira Valverde e M.<sup>a</sup> Xesús Fortes Alén]. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega (<https://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=2911>).
- SARMIENTO, Martín (1998): *Elementos etimológicos según el método de Euclides*. [Edición e estudo por J. L. Pensado]. A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- SARMIENTO, Martín (1999): *Onomástico etimológico de la lengua gallega*, 2 vols. [Edición e estudo por J. L. Pensado]. A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- SARMIENTO, Martín (2002a): *Catálogo de algunos libros curiosos y selectos, para la librería de algun particular que desee comprar de tres á quatro mil tomos*, Noia, Editorial Toxosoutos.
- SARMIENTO, Martín (2002b): *Reflexiones literarias para una Biblioteca Real*. [Edición e estudo de José Santos Puerto]. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- STIFFONI, Giovanni (1973): «La biblioteca de Fray Martín Sarmiento. Apuntes para la historia de la penetración de las nuevas ideas en la España de Feijoo», en *Homenaje al profesor Carriazo*, 3 vols., Sevilla, Facultad de Filosofía y Letras, vol. III, 463-489.
- VARELA OROL, Concepción (2016): «Martín Sarmiento y la República literaria española», *Hispania*, 254, 693-719.
- VARELA OROL, Concepción / Rocío AMENEIROS RODRÍGUEZ (2016): «La biblioteca de Martín Sarmiento. Distinguir para unir», *Anales de Documentación*, 19:1, 15 pp. (<https://doi.org/10.6018/analesdoc.19.1.242061>).
- VILLARES, Ramón (1997): «A provisión de 1763, revisitada», en *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, t. I, 209-224.
- VILLARES, Ramón / José Luis DÍAZ-CASTROVERDE (1997): *O conflicto foral nos séculos XVII e XVIII*, Santiago de Compostela / Ourense, Xunta de Galicia / Caixa Ourense.
- VIÑAS CORTEGOSO, Luis (1952): *Vida y viajes literarios, número y calidad de los escritos del Rvdmo. P. M. Fray Martín Sarmiento*, Vigo, Monterrey ([https://consellodacultura.gal/proxecto\\_sarmiento/files/2009/03/vinas-cortegoso.pdf](https://consellodacultura.gal/proxecto_sarmiento/files/2009/03/vinas-cortegoso.pdf)).
- ZARAGOZA PASCUAL, Ernesto (1984): *Los Generales de la Congregación de San Benito de Valladolid. Volumen V (1701-1801)*, Burgos, Aldecoa.

### EDICIÓN DE PARTES OU FRAGMENTOS DA *OBRA DE 660 PLIEGOS*

- ÁLAMO, Juan (1931): «La educación de los niños. Folleto inédito del sabio beneditino Martín Sarmiento», *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos*, 35, 281-301.
- BASANTA CAMPOS, José L. (1991): *La Pantómetra del P. Sarmiento, fragmento de la Obra de 660 pliegos*, Sada, Edición do Castro.
- BEDOYA, Juan Manuel (ed.) (1849): *Nacimiento y crianza de San Fernando en Galicia. Discurso inédito del Rmo. P. Mro. Fr. Martín García Sarmiento*, Ourense, Imprenta de D. Pedro Lozano (<https://minerva.usc.es/xmlui/bitstream/handle/10347/8993/b11721054.pdf>).
- COSTA RICO, Antón / María ÁLVAREZ LIRES (2002): «Digresión sobre la educación de la juventud española», en Antón Costa Rico / María Álvarez Lires (eds.), *La educación de la niñez y de la juventud*, Madrid, Biblioteca Nueva, 205-235.
- GALINO, M.<sup>a</sup> Ángeles (1953): «La educación de los niños». Apéndice a *Tres hombres y un problema: Feijoo, Sarmiento y Jovellanos*, Madrid, Artes Gráficas Ibarra, 281-324.
- LÓPEZ PELÁEZ, Antolín (1897): *Párrafos de un manuscrito inédito del P. Sarmiento*, Lugo, Establecimiento tipográfico de G. Castro.